

## sarria

O Concello contribuirá na reforma da residencia e do cemiterio. **Pax. 5**

## entrevista

Fernando Carlos Rodríguez, novo presidente do Partido Popular de Sarria. **Pax. 7**

## láncara

Estudan poñer o nome de Elvira López Mourín á escola rural de Río. **Pax. 13**

## triacastela

A localidade recibe axudas por ter árbores de formacións singulares. **Pax. 14**

## paradela

O Concello asina co Mitma varios protocolos da Axenda Urbana. **Pax. 15**

## Quentando motores

Colectivos culturais, colexios e clubs deportivos pechan inscricións para a tempada que comeza e preparan a programación anual



## A obra do tunel de Oural finaliza no 2023

Forma parte dos proxectos ferroviarios de modernización do corredor Ourense-Lugo. **Pax. 11**

## Cortes na autovía entre A Pobra e Sarria

Pecharase ao tráfico en varios tramos a partir do 10 de outubro debido ás obras. **Pax. 12**

## A Deputación quere libros de texto gratis

Pedirá á Xunta a gratuidade dos manuais e a fin dos recortes de persoal en educación. **Pax. 19**

## Chega o Napalm Fest



O festival independente terá lugar os días 14 e 15 de outubro. **Pax. 2**

## Sarria, capital do fútbolín



Acollerá a décima edición do Máster a finais deste mes. **Pax. 4**

## Tapeo en Samos



Os comerciantes organizan o concurso con cinco locais participantes. **Pax. 18**



**ITS LEMOS**  
C/ Chantada 134, Baixo  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)

  
internet | telefonía | televisión  
982 093 000  
info@its.gal  
facebook.com/ITSarria  
@its.comunicacions  
www.its.gal



**ITS SARRIA**  
C/ Calvo Sotelo 164, Baixo  
27600 Sarria (Lugo)



## SARRIA

## As obras do certame Fiz Vergara poderanse entregar ata o día 23

A edición número vinte dúas do certame Fiz Vergara Vilariño, que un ano máis entregará un premio de 6.000 euros xunto coa publicación do poemario gañador por parte da editorial Espiral Maior, pecha o prazo de entrega para os traballos candidatos o domingo 23 de outubro contra a medianoite.

O concello de Sarria en colaboración coa agrupación cultural Ergueitas, participan un ano máis na organización desta iniciativa que pretende achegar ao público, obras inéditas en poesía de autores descoñecidos para poñer en valor o seu traballo.

Aqueles participantes interesados poden consultar as bases do certame ou ampliar calquera información necesaria na web do concello de Sarria ou no número de teléfono 982 535 000.

Será fundamental que os traballos presentados estean escritos en galego e teñan unha extensión mínima de 500 versos. É moi importante tamén que non foran premiados en ningún outro certame.

O poemario gañador darase a coñecer antes do 30 de decembro e o xurado desta edición do Fiz Vergara Vilariño estará formado por persoas de prestixio no mundo da crea-



ción ou a crítica literaria. Lembremos que Fiz Vergara Vilariño, un poeta nado no concello de Samos, formou parte do colectivo Cravo Fondo. A súa poesía tiña inicialmente un marcado carácter social, que foi derivando máis tarde cara un maior intimismo. A poesía paisaxística, amorosa e existencialista predomina nos seus textos dende a súa obra Orfo de ti en terra adentro (do ano 1976).

## O 14 e 15 de outubro terá lugar o independente Napalm Fest

A vila de Sarria celebrará o venres 14 e o sábado 15 de outubro o seu festival independente e sen ánimo de lucro Napalm Fest que reunirá a varios dos grupos máis importantes do panorama do rock, o metal e o HxC.

A Asociación Cultural, Deportiva e Ecolóxica Buril será a encargada de albergar o evento na súa sede que se sitúa na travesía Mueblenorte. A apertura de portas terá lugar ás 20.30 horas e a entrada, cun custo de 10 euros, será válida para ambos días.

Este festival do underground consegue reunir a moitas bandas do panorama galego e nacional de hoxe en día e por iso convértese nunha cita ineludible para todos aqueles amantes do rock,



o metal e o HxC.

O cartel para esta edición do Napalm Fest está composto polas bandas: Nukore (cun estilo Crossover/HxC, de Vitoria Gas-

teiz), Karma (cun estilo Groove Metal, de Ferrol), Lapsus Mentis (cun estilo Thrash metal, de Vigo), Dioivo (cun estilo Metal Galaico Extremo, de Vigo), Mano de Piedra (cun estilo Sludge metal, de Vigo), God's Funeral (cun estilo Doom/Death, de Tarragona) e Barbarian Prophecies (cun estilo Death metal, de Lugo).

Coma sempre o festival ten carácter solidario e participarán tamén membros do colectivo Frente L.A. Santuario Animal que estarán recadando fondos para a súa iniciativa. Non só se poderá disfrutar de boa música senón que terá lugar tamén o sorteo dun instrumento musical entre tódolos asistentes.

## Prepárase para este mes o espectáculo de teatro da Saga de Flin Havardr

O venres 14 de outubro celebrárase ás 17.30 horas na biblioteca e Casa da Cultura de Sarria, a mostra de teatro e danza infantil pertencente á Saga de Flin Havardr que fará as delicias dos máis pequenos.

Da man de Trécola Producións, este espectáculo englobase dentro dun Circuito de Teatro Profesional no que participa o concello de Sarria en colaboración coa Deputación de Lugo. A función de teatro céntrase no uso dos monicreques de fío acompañados

por música en directo.

Eran as sagas unhas cantigas á heroicidade dos grandes guerreiros vikingos, fortes e valentes, que abandonaban as súas terras ermas e desastadas polo clima do norte, para zarpar nos seus drakar e conquistar outros pobos na procura de alimentos e tesouros.

Non é o caso de Flin Havardr, un pastor que tras albiscar nun sono as súas proezas como vikingo, emprende unha viaxe inesperada acompañado

por unha tripulación canto menos peculiar, non moi fortes nin valentes, pero si sobrados de creatividade. Tras moitas aventuras, conseguirán chegar á mellor de todas as terras a conta da morriña dun dos seus tripulantes. Queda por ver se conquistarán ou serán conquistados.

Os directores da obra son Isabel Rey e Marcelino de Santiago (Kukas) e os titiriteiros Ero Vázquez Cabrera e Isa García Coldeira. Da música en directo encárgase Pablo Pintor.



# VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS  
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES  
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES  
CAPITULACIONES PATRIMONIALES  
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

📷 veiguelabogados 📱 veiguela abogados



## Meigas e Trasgos ten previstas varias actuacións este mes

Esta asociación cultural dedicada principalmente á música e á danza tradicional, ten previsto realizar nos arredores do concello de Sarria varias actividades para o próximo mes de outubro.

Tal e como afirma a súa propia presidenta Belén Fernández Gayoso, “en principio temos confirmadas a actuación do domingo día 2 de outubro pola mañá en Samos e tamén outra o día 9 con pasarrúas e posterior sesión vermú, en Sarria (con motivo da festa do Rosario)”, destaca Fernández Gayoso.

En ambos casos tratarase de actuacións cunha mestura de música e baile, aínda que agárdase que a celebración no concello de Sarria, teña maior afluencia de xente.

**A ASOCIACIÓN.** Belén Fernández Gayoso, tomou o poder da asociación por segunda vez a finais de marzo deste ano de xeito provisional. Facíao xa no 2010 para evitar que Meigas e Trasgos desaparecese pero na actualidade, non só está vencellada á organización co seu



papel como presidenta.

A sarriá atópase vinculada a Meigas e Trasgos dende moi nova, segue activa no grupo como profesora de baile e é unha das persoas que escenifica a danza na Noite Meiga.

A Noite Meiga leva celebrándose dende o ano 1971 e hoxe en día, conforma unha das citas máis importantes de Sarria moi ligada a esta asociación.

Celébrase na noite do último sábado de agosto na sede do Centro Cultural Meigas e Trasgos, no Parque do Chanto. Baséase nunha lenda que

recolle a triste historia de amor entre un mozo e unha meiga. O mozo ingresa nun seminario como castigo por namorarse dun ser máxico e a meiga vai ao monte onde chora ata que as súas lágrimas forman o río Sarria. Pasada a media noite, realízase a Danza da Noite Meiga na que as Meigas e os Trasgos danzan con fachos arredor dunha fogueira para protexerse dos malos augurios mentres se canta un conxuro para evitar os males e que a boa sorte acompañe durante o ano.

## Ultiman as obras de reparación da presa do Muíño do Toleiro



As obras de reparación da presa do Muíño do Toleiro, no Paseo do Malecón de Sarria, que se durante o mes de setembro, están a piques de rematar.

De forma manual e sen utilizar ningún tipo de maquinaria, o obxectivo principal destas obras é o de mellorar a estrutura e as instalacións do muíño preservando ao máximo o entorno.

Os traballos, que foron contratados e financiados polo veciño Pablo López (titular da concesión da auga e exconcelleiro), quen meses atrás asumiu a limpeza da canle, contan cos pertinentes permisos concedidos por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS).

Considerouse esta como a mellor etapa para realizar as obras xa que é cando o río Sarria atópase no seu caudal máis baixo.

López Barrera vendeu o Muíño do Toleiro á Xunta de Galicia no ano 2007 pero a titularidade da concesión da auga nunca foi cambiada. Ata o de agora foi el mesmo o encargado de contratar tanto as obras para a limpeza da canle do muíño que tiveron lugar o pasado mes de xaneiro e na actualidade,

coma estas nas que se procederá á reparación da presa.

Dende o concello de Sarria agradeceron á familia López Barrera os labores de conservación deste entorno, no centro da vila.

**QUEIXAS VECIÑAIS.** Antes de tomarse estas medidas para o acondicionamento do Muíño do Toleiro, moita foi a polémica que espertou o estado das súas instalacións.

O deterioro avanzaba a pasos axigantados e levaba ao derrubamento dunha parte da cuberta. A construción atopábase abandonada dende hai varios anos e en mal estado, unha situación que se viu agravada coa caída de parte do tellado en dous puntos do inmovible e cos defectos que isto implicaría na maquinaria do muíño. Algo que non facía máis ca empeorar cos temporais de inverno e ca falla de mantemento.

Motivo que suscitou numerosas queixas por parte dos veciños e unha resposta por parte do concello, que tiña pensado solicitar de novo ao Xacobeo a anulación dun convenio firmado no ano 2015 para que lle fora devolta a cesión do uso deste inmovible.

## A asociación cultural Peleriños abre o prazo de novas matrículas

Peleriños iniciará en outubro as súas aulas para tódalas idades nas que se impartirán clases de gaita, percusión, canto e baile tradicional. As aulas para adultos terán lugar os días martes, venres e sábado. Os martes haberá clases de canto e pandeireta ás 20.30 horas, os venres sesión de baile a partir das 20.00 horas e o sábado será

a quenda das clases de gaita e percusión ás 18.30 horas. Con respecto ás aulas infantís, os venres haberá gaita, percusión ou baile. Pódense consultar os horarios en función da idade do neno.

Para formalizar a matrícula ou solicitar calquera tipo de información, pódese facer sen compromiso no teléfono 693 299 292.

Atenden chamadas en horario de tarde pero teñen dispoñible durante todo o día o whatsapp para os interesados.

As clases darán comezo a segunda quincena de outubro. Peleriños ofrece aulas para tódalas idades e niveis, adaptándose ao ritmo dos alumnos e co único obxectivo de aprender e pasalo moi ben.

**VTC**  
**Urban**  
Hacemos tu camino  
MÁS FÁCIL

- Vehículos premium • Hasta 8 plazas
- Convenciones • Bodas
- Servicios a empresas
- Traslados a aeropuertos
- Nacional e internacional

Tfnos.: 659 160 498  
650 578 924  
669 422 320  
<https://urbantaxi.es/>



# “Serán tres días de competición cuns 6.000 euros en premios”

Jonathan López, presidente da asociación Sarria Fútbolín, creada no ano 2016

Un ano máis, o municipio lucense acolle a décima edición deste campionato que reunirá non só a parte dos mellores xogadores desta disciplina, senón tamén a centos de afeccionados e curiosos.

O evento celebrarase durante os días 28, 29 e 30 de outubro e haberá máis de 6.000 euros en premios. Entre as distintas categorías atópanse as de movemento, parado, feminino, cego e local. Os xogadores, acumularán puntuacións que lles permitirán reclasificarse en cada un destes grupos e así chegar ao podio para poder facerse cun dos moitos premios dispoñibles.

O prazo de inscrición está aberto e para ampliar información ou solucionar calquera dúbida pódese visitar o perfil de facebook @Lnfsarriafutbolín ou enviar un whatsapp ao teléfono 637 176 984 (Jony).

**Cando comezou vostede a xogar ao fútbolín e por que? Pode desvelarnos algún dos seus trucos ou**

**tácticas para xogar?**

Pois comecei como a maioría de xogadores, xogando as primeiras partidas cando ía ao instituto por culpa dun amigo que xa xogaba. Aí comezou todo, a partir dese momento no ano 2010. Xogabamos mais continuamente ata empezar a competir nos campionatos de bares locais.

**Vimos de coñecer que se vai celebrar en Sarria a finais de outubro o X Máster Sarria Fútbolín 2022. En qué consiste esta competición e que disciplinas teñen cabida nela?**

Este campionato recuperámolo despois de que se parara de organizar no ano 2016 ata chegar a esta X edición. Son 3 días de competición: o venres 28 en modalidade combinada, o sábado 29 en movemento (é no que esperamos o máximo número de equipos participantes) e pechamos o domingo 30 coa modalidade parado e feminino.

**Cales son os xogadores que estarán presentes? Pode inscribirse**

**todo aquel que queira? Onde han de facelo?**

Pois estarán os mellores xogadores do panorama nacional, temos previsión de que se darán cita en Sarria xogadores de Pontevedra, A Coruña, Santiago de Compostela, Cantabria, Castela León, Castela a Mancha, Barcelona, Sevilla e como non de Lugo. Pode anotarse calquera perfil de xogador tanto profesional coma amateur xa que o campionato contará con 3 niveles de xogo en cada modalidade para que cada un poida xogar e competir segundo o seu nivel. Para inscribirse ou consultar información pódese chamar ao número de teléfono 637 176 984 ou facelo mediante a páxina de facebook: @Lnfsarriafutbolín.

**Como irá o tema das clasificacións?**

As clasificacións como xa comentaba saíran obtidas de cada un dos campionatos e de cada nivel de xogo (Elite, Primeira Categoría e Segunda Categoría).



**Cando foi a última vez que se celebrou este campionato e cales foron os resultados obtidos? Quen resultou gañador?**

Por mor da pandemia estes anos pasados non foi posible a disputa do campionato, a última edición foi no ano 2019 ganando a parella de Pontevedra formada por Tomás e Brian na modalidade de movemento, Carlos e Dani dende Valladolid na modalidade de parado e Sonia e Luna na modalidade feminina.

**Pensa que Sarria se atopa nun bo lugar en canto ao impulso do fútbolín se refire?**

Creo que en canto á localización non é a mellor de España claro está pero non nos podemos queixar porque a verdade é que os xogadores agardan o campionato con ganas de desprazarse e de desfrutar dunha fin de semana cargada de competición. En canto á afección aquí na comarca, contamos cunha gran canteira que ven pisando forte e que esperemos que manteñan a Sarria ben situada no panorama nacional.

**Diría que fan falta máis axudas quizais para a súa promoción?**

Está en proceso a formación da

federación de fútbolín e penso que iso axudará e moito a nivel de darlle visibilidade na sociedade. A nivel particular, contamos coa colaboración do concello de Sarria e de multitude de locais do pobo que nos apoian, sen eles sería imposible a organización do evento e por iso só pode darlle as grazas a cada un dos que fai posible todo isto!

**Que opina vostede da consideración do fútbolín como deporte?**

Por desgraza o fútbolín non é considerado deporte e creo persoalmente que reúne todo para poder selo. Para competir a alto nivel é necesario estar preparado tanto fisicamente como mentalmente xa que son moitas partidas e moitos momentos de alta tensión, pero paso a paso esperemos que acabemos poñéndoos no sitio que se merece.

**Quere engadir ou destacar algunha cousa?**

Simplemente agradecer a cada persoa que fai posible a celebración do evento tanto directamente como indirectamente: xogadores, patrocinadores, persoas que axudan sen recibir nada a cambio... Moitas grazas!





## SALUDx10

**PROGRAMAS PERSONALIZADOS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y NUTRICIÓN PARA:**

- Pérdidas de grasa
- Fortalecimiento de todo el cuerpo
- Tratamiento y prevención de problemas de espalda
- Recuperación de una lesión

**1 CLASE GRATIS ¡INFÓRMATE SIN COMPROMISO!**

Curros Enríquez, 1 Bajo. Sarria  
www.saludx10.es / info@saludx10.es


625 618 335
Saludx10
Saludx10



**ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

 **Entra e infórmate!**

 **982 876 681**

 **sarria@xenera.com**



**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% verde. Con máis de 120 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de XENERA



# O Concello contribuirá na reforma da residencia e do cemiterio

Véñense de aprobar en Xunta de Goberno varias propostas da alcaldía que contemplan modificacións nas instalacións tanto da residencia de maiores do Concello coma no cemiterio municipal.

Ambas actuacións saíron a licitación o pasado mes de xuño pero quedaron desertas ante o incremento no prezo dos materiais. E non foi ata o de agora, logo dunha modificación que implicou un aumento do crédito, cando foron aprobadas.

Os fondos para a residencia de maiores Nosa Señora do Carme serán asignados principalmente a cubrir os gastos de funcionamento diario e realizar obras de renovación na cuberta, co obxectivo de eliminar as filtracións da auga e mellorar a

eficiencia enerxética. Estes traballos foron sacados a contratación por 177.468 euros, cantidade que se viu incrementada en 36.000 euros.

Por outra banda, no cemiterio municipal, faranse 80 novos nichos, un almacén e mellorarase a urbanización da zona. As sepulturas situaranse na plataforma que quedou na explanada da parcela, dando por finalizada a última ampliación da necrópole que comezou a executarse o pasado ano. A actuación do cemiterio saíu a licitación en 89.995 euros, ao que se lle sumarán outros 15.000 euros.

**TRABALLADOR.** Tal e como queda reflectido nunha sentenza publicada no Xulgado do Social Nº 4 de Lugo, a residencia de maiores Nosa Señora

do Carme do concello de Sarria terá que indemnizar a un dos seus traballadores cunha cantidade superior aos 1.500 eur en concepto de complemento de incapacidade temporal.

En xuño do ano 2020 de forma unilateral o concelleiro responsable da residencia, o señor Escontrela, tomou a decisión de non abonar os complementos en caso de Incapacidade Temporal que levaban mais de 10 anos cobrando os traballadores. Esta decisión foi posteriormente recorrida polo Comité de Empresa e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditaba sentenza en outubro de 2021 recoñecendo o dereito destes traballadores e traballadoras da residencia de Sarria a cobrar o comple-



mento en situación de Incapacidade Temporal.

Mais unha vez recoñecido dito dereito o concello de Sarria non abonou as cantidades adebedadas de forma ilegal aos traballadores que estiveron en situación de Incapacidade Temporal durante o período entre a decisión e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza Galego, senón que as persoas afectadas víronse na obriga de ter que acudir novamente ao xulgado do Social para poder cobrar

esas cantidades.

Dende a CIG denunciaron en varias ocasións as políticas de recortes e discriminación que o concello de Sarria aplica sobre o persoal desta residencia, políticas ademais que segundo afirma o sindicato, foron incrementadas e alentadas durante a presente lexislatura polo Goberno Municipal.

Esta sentenza condenatoria corresponde ao prazo entre os meses de xaneiro e outubro de 2021.

## Anasbabi Ciliopatías peregrina a Santiago

Anasbabi Ciliopatías, colectivo sen ánimo de lucro que pretende dar resposta ás necesidades dos afectados e as súas familias polo Síndrome de Bardet-Biedl e Ciliopatías, vén de realizar unha ruta solidaria polo concello de Sarria en pro das enfermidades raras. Logo de realizar a súa andaina, Anasbabi foi recibida no concello polo alcalde Claudio Garrido. Tras coñecer con detemento a zona, o colectivo propuxo organizar novas actividades e roteiros no municipio de Sarria. Actividades coas que pretenden dar unha maior visibilidade ás enfermidades raras que son as que entran no seo da asociación. Anasbabi Ciliopatías, realizou a súa primeira edición da súa pe-



regrinación a Santiago estes días logo de que en anos anteriores tiveran que renunciar a ela pola pandemia da covid-19. O itinerario foi completado polos familiares das persoas enfermas, que se comprometeron dende un primeiro momento.

A ruta elixida, a variante do Camiño Francés, posibilitou a estes peregrinos coñecer localidades como Portomarín, Palas de Rei, Arzúa ou O Pedrouzo, antes de finalizar o seu percorrido na compostelá Praza do Obradoiro.

## Decretan novas medidas contra a acumulación de plásticos

O concello de Sarria vén de impoñer unha nova medida para loitar contra a acumulación de plásticos agrícolas consistente na eliminación dos catro puntos habilitados na localidade lucense para a súa almacenaxe.

O acordo ao que se chegou en xunta de goberno, foi unha proposta do alcalde Claudio Garrido, e o que se pretende agora é que esta recollida de plásticos agrícolas se realice porta a porta de xeito gratuito para tódolos agricultores e gandeiros.

Así e co fin de evitar os vertedoiros incontrolados, procederá ao peche dos catro puntos de almacenaxe existentes ata o de agora situados en A Pena, a estrada de Ortoá a Goián, Santo André de Paradela e en San Xulián. Polo que quedará prohibido

depositar alí os plásticos e tampouco poderán deixarse en espazos públicos, implicando isto as pertinentes sancións.

A nova medida adoptada polo concello que estará dispoñible a partir deste xoves día 15, poderase solicitar cunha chamada ao teléfono 603 717 988. Débese indicar o nome, a situación da explotación e a cantidade aproximada de residuos, que deberá ser deixada atada nun lugar de fácil acceso.

Este servizo gratuito vén de sumarse a outros coma a recollida de voluminosos ou de papel e cartón do comercio que leva a cabo o concello de Sarria, á cabeza entre os municipios galegos con máis cantidade recollida de plásticos agrícolas.

# SHOPPING CHINA SARRIA



Rúa Calvo Sotelo 128, Sarria - Tfno.: 691 830 698



## Comeza un curso cheo de actividades deportivas no concello

O centro deportivo e de saúde de Sarria, nas instalacións das piscinas climatizadas, comeza de novo este venres día 9 de setembro as actividades para este curso cunha xornada de portas abertas e moitas novidades.

Abrirá tódolos días da semana agás os festivos, cunha ampliación de horarios. Poderase acudir de luns a venres de 07.30 a 12.30 e de 17.00 a 22.00 horas, os sábados de 09.00 a 14.00 e de 16.30 a 21.00 horas e os domingos de 09.00 a 14.00 horas. Este ano, os cursos de natación serán de 45 minutos, fronte aos 30 minutos que duraban antes, e programaranse por niveis. Manterase o grupo de natación escolar para embarazadas e comezaranse a impartir cursos de natación terapéutica.

Outras actividades que tamén dan comezo a partir deste venres son as de SECO. A partir do luns día 12 estará toda a información dispoñible para os interesados pero como adianto, volverán as disciplinas de pilates, ioga, zumba e ximnasia de mantemento (GAP e aerobic). A inscrición para tódolos interesados abrirase a partir do mércores 14 de setembro nas instalacións das propias piscinas climatizadas.

Tódalas actividades darán comezo o día 1 de outubro e serán trimestrais pero para que os asistentes poidan saber en que consiste cada unha delas, a partir do luns 19 de setembro impartiranse algunhas delas con libre acceso.

Para ampliar calquera información, pódese acceder á páxina web [www.cdssarria.es](http://www.cdssarria.es)

## Críticas populares á conservación das instalacións no Malecón

Os membros do Partido Popular de Sarria veñen de realizar continuas manifestacións polo actual estado no que se atopan as infraestruturas do Malecón.

Tal e como eles mesmos afirman no seu perfil de redes sociais, "cada poucos días, cae unha árbore no Parque do Chanto, no Malecón, ou senón no Campo do Río. O que non vemos normal é que xa nin veciños da zona nin visitantes poidan desfrutar con seguridades de paseos ou outras actividades cotiás", destacan.

Dende o Partido Popular, critican duramente que "O Goberno municipal de Claudio Garrido non faga nada ao respecto. Somos nós os que levamos meses instando nos distintos Plenos a que se revise o estado de tódalas árbores das zonas urbanas dos ríos Sarria e Celeiro", afirman.

"O que non queremos é que un día haxa unha desgraza persoal xa que despois non valerá lamentarse nin buscar excusas. Por iso dende aquí pedímoslle ao concello que se deixe de subir impostos e do catastrazo, de



préstamos millonarios que se deixan sen pagar e que se centre verdadeiramente no benestar dos cidadáns mirando pola súa seguridade", subliñan os populares.

Dende a dereita non só manifestan o seu descontento no referente ás árbores caídas no Malecón, senón tamén amosan o seu desacordo "co estado no que se atopa na actualidade a ponte do Toleiro e o estado no que se atopa en xeral a Vila de Sarria, que se caracteriza polo abandono e a

desidia" afirman.

Os membros do Partido aseguran que "o estado da vila de Sarria non é nada comparable co doutros concellos xacobeos polos que tamén pasa o Camiño de Santiago. Nun verán especial de reactividade, encontros e gañas de saír tras tempos duros de pandemia, os nosos espazos públicos atópanse nun estado deplorable", comentan.

"Os paseos, ríos e os espazos públicos, non teñen o mantemento mínimo esixible que merece Sarria e por suposto os seus veciños. E a imaxe que levan na retina milleiros de visitantes non se corresponde coa potencial beleza da nosa vila", afirman os populares.

Dende o PP móstranse de acordo con que "unha vila turística epicentro do Camiño Francés como Sarria, non pode dar a imaxe que leva dando durante estes catro anos polo desinterese municipal que amosa o alcalde Claudio Garrido". É por este motivo instan ao concello a que tome medidas urxentes ao respecto.



**CAFETERIA**  
**10/10**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

**CHAMORREGO**  
**SERVICIO A DOMICILIO**

C/ Calvo Sotelo 140, Sarria - Telf: 982 533 664

**CERVECERÍA ESPAÑA**  
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

**CERRAMOS LOS MARTES**

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...

**VARIEDADES DE TOSTAS...**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL: 671 407 060

**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI  
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

**-50%** en la segunda pizza familiar  
**-25%** en la segunda pizza familiar

**Martes**  
Familiar de 3 personas a 8€

Servicio a domicilio  
Calle Diego Pazos, 30 - Bateo Sarria  
Tel: 982 012 026



# “O que quero é que Sarria teña un alcalde do PP en maio de 2023”

**Fernando Carlos Rodríguez, novo presidente do Partido Popular de Sarria**

O político Fernando Carlos Rodríguez vén de ser escollido nun congreso que tivo lugar na vila de Sarria e que reuniu a un total de 240 persoas das 270 que estaban citadas.

O popular regresa á presidencia do partido logo de 14 anos de ocupar este mesmo cargo. Exerceu como presidente dos populares durante oito anos, do ano 2000 ao 2008.

Ao proceso concorreron finalmente dúas listas -a de Fernando Carlos Rodríguez e Luis Pardo-, logo de que José Manuel Bello retirase a súa nas últimas horas. A votación contou con 240 afiliados, dos que 121 apoiaron a primeiro e, 116, ao segundo. Trátase, por tanto, dun resultado moi axustado que, en palabras da dirección provincial, indica que a militancia deste municipio “interpreta como a necesidade de traballar xuntos e unidos”. Fernando Carlos Rodríguez convértese así no encargada en relevar a José Antonio García no mandato. Dende o Partido Popular agora teñen pendente anunciar o candidato á alcaldía para as eleccións do vindeiro ano 2023.

Fernando Carlos Rodríguez é exsenador do partido e actualmente formaba parte da comisión xestora.

Este congreso que tivo lugar, convertíase no primeiro do PP en Sarria dende o ano 2013.

**Volve á presidencia logo de 14 anos de deixar o cargo. Como o afronta?**

Ben, en realidade eu sempre estiven vencellado ao Partido Popular. Evidentemente como presidente a verdade é que é un reto importante pero ben, asumino totalmente consciente e a petición de moitos afiliados e non afiliados ao partido pola deriva que estaba tomando aquí o

partido en Sarria, que ía realmente nunha pendente moi perigosa. Unha pendente de perda de afiliados realmente perigosa.

**Como recibiu o nomeamento como presidente?**

Home cando te presentas ao cargo sabes que sempre existe a posibilidade de que saias elixido pero a verdade é que non era doado porque o candidato oficial era o presidente da xestora, Luis Pardo, que era o que se presentaba e contaba con apoios oficiais... non parecía fácil o poder gañar no congreso.

**Que balance fai da actual política local?**

De momento non podería facer un balance en profundidade xa que voume involucrar a partir de agora. Coñezo a política actual pero non para facer un balance en profundidade, creo que para iso hai que estar na audiencia municipal como concelleiro ou vivila dende máis preto. Eu ata o de agora, estiven máis involucrado na política nacional como senador. Aquí evidentemente si creo que hai temas nos que non se está actuando correctamente, nos que Sarria leva bastante tempo paralizada e sen obras importantes que son as que realmente cambian aos pobos.

**Cales son os seus obxectivos a partir de agora? En que vai centrar o seu traballo?**

O meu obxectivo principal é unir ao Partido Popular. Integrar á outra candidatura na nosa candidatura para que o partido quede potenciado, xa que o resultado practicamente foi un empate técnico, cunha diferenza de 5 votos. Entón está claro que o

propio resultado pide que ten que haber esa integración. Eu persoalmente ofrecina xa ao líder da outra candidatura, dende o primeiro momento no que rematou o congreso. Ese é o meu obxectivo principal e primordial: que o partido volva ser un partido forte, único, potente e cun número importante de afiliados. Tal e como dixen no congreso, dende que eu deixei o partido en xullo de 2008 ata o mes de agosto do ano pasado que se convocou o congreso, en Sarria deixáronse de involucrar co partido máis de 500 afiliados (tendo en conta as defuncións que por desgraza houbo), pero o partido atopábase nunha situación realmente delicada. Iso foi o que me levou a min e a toda a xente que mo pediu, a presentar a miña candidatura. Entón ese vai ser o primeiro reto que perseguirei como actual presidente do PP. E o segundo, loitar entre todos por conseguir unha candidatura de consenso e forte, que sexa capaz de gañar as próximas eleccións municipais en maio do ano que vén para que Sarria teña un alcalde do Partido Popular.

**Valora presentarse ás eleccións municipais?**

O que valoro de momento é loitar para gañar as eleccións municipais no 2023, agora mesmo o meu pensamento está posto primeiro no partido e despois, unha vez que haxa esa integración, será este partido forte e unido o que busque unha candidatura tamén sólida e de consenso. Se aí entro eu pois perfecto e senón, eu son un home de partido. Eu o único que quero é que Sarria teña un alcalde do Partido Popular en maio de 2023.



## Os populares, tralo último congreso local, buscan traballar “xuntos e unidos”

Tralo congreso Fernando Carlos Rodríguez confirmaba a súa vontade de “buscar a integración no partido e traballar unidos”.

Ao acto asistiron diversos representantes da directiva provincial, como a presidenta Elena Candia, o coordinador xeral José Manuel Balseiro Orol, ou o secretarios xeral e de orgnización, Javier Nodal e Javier Vázquez Prado, respectivamente.

Precisamente, e coincidindo coa mensaxe da máxima dirixente dos populares na provincia, o novo responsable local manifestou a súa vontade integradora, pois o proxecto do PP, “baseado na unidade, é o único capaz de conformar un goberno local estable e eficaz na xestión, e con capacidade para resolver os problemas do concello”.

Así, a presidenta Elena Candia puxo en valor que “somos un partido grande e absolutamente impres-

cindible para Sarria. É a nosa obriga empezar a construír un proxecto integrador para ser a alternativa en maio de 2023, tanto aquí como na Deputación”.

A dirección popular resalta así a vontade de sumar que caracteriza ao PP, sempre a favor de dar o mellor de si como organización para mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Os populares están convencidos de que o proceso congresual, no que hoxe foi elixida a lista encabezada por Fernando Carlos Rodríguez, continuará cun proceso integrador, de maneira que a maior parte das sensibilidades teñan espazo dentro da dirección local do partido. Superado o congreso, é o momento, da unidade, sinalaron, de conseguir para Sarria un goberno municipal popular, estable, con proxecto claro para o municipio e con capacidade de xestión.

**PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros**  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## San Salvador de Cesar

### A parroquia foi un punto estratéxico na defensa do municipio de Sarria

San Salvador de Cesar, parroquia e aldea española do municipio de Sarria, está formada por tres entidades de poboación: Arxevide, Cesar e Pape.

A parroquia e couto de San Salvador de Cesar no ano 1761 dependía no tocante ao civil do Cabido da Catedral de Santiago de Compostela e no tema eclesiástico, a freguesía estaba suxeita ao Arcebispado de Compostela.

Os edificios eclesiásticos que se atopan nesta parroquia son a igrexa de San Salvador e Capela da Nosa Señora dos Remedios e se nos remontamos á Idade Media, houbo tamén un mosteiro baixo a advocación de San Paio. O edificio máis sinalado era a Casa do Pacio, propiedade do arcebispo de Santiago.

Pola parroquia transcorre o Camiño Francés de Sarria a Monforte.

A igrexa de San Salvador foi retirada do culto en 1835 e convertida en forte militar para vixiar aos bandoleiros experimentando unha curiosa metamorfose. Situada en pleno Camiño de Santiago e coroando a rúa Maior no alto da vila, atópase moi cerca dos restos da Fortaleza. Trala morte do rei Fernando VII no ano 1833, iniciouse en toda España unha guerra civil que pasou á historia como a Primeira Guerra Carlista. Esta guerra dirimíase entre os defensores do novo estado liberal que se abría camiño (os isabelinos) e os partidarios da volta ao Antigo Réxime (os carlistas) e as consecuencias dese levantamento militar fixéronse sentir en todo o territorio nacional pero con máis intensidade naquelas zonas como a provincia de Lugo, onde a igrexa ou a nobreza tiñan máis influencia.

Nos pobos de Galicia foron aparecendo líderes carlistas que formaron grupos armados para desestabilizar ao Goberno que actuaban como auténticos bandoleiros asaltando

as casas e os pobos para roubar e matar á xente, causando o terror en toda a poboación.

Dentro do panorama de Galicia, a vila de Sarria estaba enclavada nunha rexión militarmente coñecida como "a marxe esquerda do río Miño", sendo un punto estratéxico para a defensa da súa comarca e ao mesmo tempo, obxectivo preferente desas faccións armadas.

A falla de estruturas defensivas permanentes na localidade obrigou ás autoridades a adoptar medidas tan urxentes coma improvisadas para protexer Sarria destas accións armadas e a máis notable de todas consistiu na elección en 1835 da igrexa de San Salvador como forte militar no que instalar ás tropas de soldados e milicianos nacionais mobilizados.

Desta maneira, a pequena igrexa románica foi relevada do culto como templo relixioso e dotada de complexas obras defensivas para que constituíra o baluarte de Sarria fronte ás incursións de bandoleiros, que asolaban a comarca. De feito, existen marcas ao longo de todas as fachadas que suxiren puntos de apoio de posibles estruturas.

A igrexa de San Salvador, convertíase así no lugar idóneo debido ao seu emprazamento elevado cun atrio que permitía o aloxamento de utensilios ou ferramentas militares variados como carros, animais, caixas. Ofrecía vistas cara o sur que permitían unha vixilancia de longa distancia e boa acústica para poder oír as chamadas producidas dende os campanarios doutras igrexas, algo moi útil para a observación de bandoleiros.

A forte construción desta igrexa, a base de pedras de granito e sen ventás, favorecía a imaxe dun sólido forte militar de aspecto intimidatorio fronte aos asaltantes, pois por aquel entón non tiña a alta espada-



ña que presenta actualmente na súa fachada principal.

Por outra banda, a súa situación fronte ao edificio do concello (o actual xulgado) axudaba a unha fluída comunicación entre a autoridade civil e a militar, co que o punto defensivo presentábase como idóneo empregando o espazo do campo da feira como lugar para as manobras de instrución dos mozos recrutados. Este forte militar cerraba as defensas da vila que neses anos practicamente se limitaba á rúa Maior e a unhas poucas casas, pero ao non estar dotado dunha forza militar regular, motivada e ben adestrada, tampouco ofrecía unha protección eficaz ás casas do pobo que estaban continuamente ameazadas.

A tropa existente no Forte de San Salvador durante os primeiros anos de guerra estaba formada por sinxelos cidadáns recrutados forzosamente, sen espírito militar e non ofrecía ningunha garantía fronte a unhas faccións rebeldes armadas e moi motivadas. Polo que era habitual que os mandos desta milicia afeccionada se queixara da falta de entrega e disciplina da tropa. Pero as consecuencias da guerra para a parroquia de San Salvador de Sarria non se limitaron á conversión da súa igrexa en forte militar xa que arredor do ano 1839, dita igrexa foi restituída ao culto.

**A IGREXA.** O templo, de clara cronoloxía tardorrománica e eminente carácter rural, consta dunha única nave rematada nun sinxelo ábsida semicircular sen apenas alardes



escultóricos, concentrándose polo tanto o seu principal interese nas dúas portadas.

Ao carón da igrexa, o edificio do xulgado albergou nos seus tempos o Hospital de Santo Antón (entre os séculos XVI e XIX), máis tarde sería tamén Escola de Gramática, cárcere e edificio consistorial. Segundo un documento de restauración da mesma, existiu un mosteiro baixo a advocación de San Salvador sobre o que apenas existen testemuños, só aparece citado nos séculos XII e XIII.

**OUTRAS ERMIDAS.** Outro dos edificios eclesiásticos que acolle a parroquia de San Salvador de Cesar é a Igrexa da Virxe dos Remedios. Ademais da súa igrexa parroquial, existe unha ermida consagrada á Virxe dos Remedios que celebra unha concorrida romaría o 8 de setembro e que foi inaugurada no ano 1935. Esta igrexa foi construída por petición popular logo de que un

salvaxe incendio a reduciu a cinzas. Son moitas as familias que durante as festas, acoden ao alto dos Remedios para acudir con devoción aos actos relixiosos que se celebran.

A igrexa da Virxe dos Remedios conta na actualidade cunha fermosísima imaxe esculpida polo artista Melchor Teys para substituír a que había no santuario, queimada polos salvaxes herdeiros do vandalismo en maio de 1931.

O 8 de setembro, saen de Sarria infinidade de fieis acompañando a nova imaxe da Raíña dos Anxos e facendo o percorrido ata o santuario, algúns deles a pé.

As festas dos Remedios supoñen unha tradición moi arraigada entre os devotos e atraen cada ano a unha gran multitude de xente ata o Alto do Cesar, deixando a vila deserta. A tradición marca que dende moito cedo os participantes emprendan a subida a pé ata o santuario dos Remedios, no cal se depositan velas en forma de ofrenda.



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES  
Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena

José Luis **MATANZA** 657 982 987  
SARRIA (LUGO)





# “Os nenos con necesidades educativas especiais deben ter maior autonomía”

Marta Leira, psicóloga sanitaria e fundadora do centro educativo Creados

**Queremos coñecer un pouco da súa historia. Por que decidiu estudar psicoloxía e por que decidiu emprender este negocio?**

Sempre tiven claro que quería dedicarme a unha profesión na que puidera axudar aos demais. Nun primeiro momento quería estudar dereito, pero enseguida me decantei pola psicoloxía. Gústame escoitar, implicarme nos problemas dos demais e sobre todo, apreciei como moi importante poder aproveitar os meus estudos para dispoñer de máis recursos e tratar mellor as dificultades que puideran xurdir no meu día a día. Creados nace dunha aventura, nace dunha idea nun principio pouco madurada. Anteriormente o local de Creados era Bule-Bule, a min gustábame a filosofía que eles tiñan, admiraba a cantidade de nenos e nenas que acudían e tamén me fascinaban moitas das actividades que realizaban cos infantes. Ao quedar o local baleiro e preparado para un centro psicopedagóxico, arrisquei sen pensalo demasiado. A miña especialidade estaba máis orientada aos adultos, pero sempre cría que o traballo en equipo e interdisciplinar podía dar resultados excelentes, polo que decidín apostar por isto e así naceu Creados.

**Canto tempo leva aberto Creados e con cantos alumnos conta na actualidade?**

Creados leva aberto 6 anos, o seu percorrido implicou cada curso aumentar servizos, persoal e sobre todo aumentar alumnos e alumnas. O último curso chegamos a ter 130 nenos e nenas sen contar coas colaboracións que realizamos fóra do centro que tamén supuxeron un gran avance.

**Por que ese nome?**

É moi curiosa esta pregunta, ten unha bonita historia detrás o nome de Creados. A miña idea era Centro psicopedagóxico CREA e cando decidín poñer en marcha o negocio, contactei cunha empresa externa de deseño gráfico para poñer en marcha a publicidade e tamén un logo que me caracterizase. Despois de moito debate e intercambio de opinións, Luis (o seu xerente) díxome que lle gustaba o nome de CREADOS pero eu non lle fixen moito caso... e finalmente por cuestións de non duplicar nomes comerciais tiven que darlle a razón e así terminou sendo CREADOS. A realidade é que hoxe gústame máis este nome!

**Cantos traballadores hai no centro? Cal é o papel que desenvolven?**

Agora mesmo somos 10 persoas no equipo: os logopedas Beatriz Novo e Iris Pérez (encárganse da estimulación á linguaxe e a atención temperá), os psicólogos Estefanía Devesa e Marta Castro (o seu traballo é dar sesións psicopedagóxicas, axudar coas técnicas de estudo, os problemas de comportamento, levan o programa de estimulación precoz e encárganse tamén da atención temperá), os mestres Adrián Arias Folgar (apoio escolar en Educación Primaria e Psicomotricidade), Mónica López (en ESO – Lingua Castelá) e María Varela (en ESO – Matemáticas), a pedagoga Celia López (encárgase das sesións psicopedagóxicas, a lectoescritura e os programas aprendo a ler, o programa de estimulación precoz e o programa de igualdade), a mestra de pedagogía terapéutica con mención en Inglés Alexia Rodríguez (ela é a encargada de xestionar as disciplinas de inglés lúdico, apoio a educación

primaria e pedagogía terapéutica) e a técnica de educación infantil María González (encargada do programa de estimulación precoz). A maiores dende fai dous anos abrimos mercado fóra das instalacións levando a cabo programas de conciliación, obradoiros de verán, programas de igualdade e actividades extraescolares en colaboración cos concellos e Anpas limítrofes. Tamén xestionamos un programa de atención temperá nos concellos de Becerreá, Baralla, As Nogais e Navia de Suarna. Eu persoalmente, sempre participei activamente no traballo, tendo as miñas sesións individuais e ocupándome da relación directa cas familias a parte da área administrativa

**En que se centra o seu traballo? Que engloban as necesidades educativas especiais?**

O noso traballo céntrase en varias e distintas áreas. Traballamos con nenos e nenas dende 0 ata 14-15 anos e abarcamos infantes que posúen algún problema de desenvolvemento ou nenos e nenas que tan só buscan un reforzo para repasar e afondar conceptos propios do curso. Estes adoitan vir en grupos reducidos e non presentan ningún problema específico. Ás necesidades educativas especiais intentamos darlle a mellor cobertura posible cun plan individualizado e adaptado as súas necesidades, aportando os especialistas necesarios e as sesións precisas a aqueles que veñen derivados de departamento de orientación ou pediatría cunha problemática xa recoñecida. Centrámolos na intervención e o noso obxectivo é que estes nenos e nenas adquiran a máxima autonomía, que desenvolvan na medida do posible a súas capacidades



cognitivas, favorezan a súa integración na sociedade e enriquecer o seu entorno de aprendizaxe.

**A nenos de cantos anos axudades e cales son os seus métodos?**

Axudamos a nenos/as de todas as idades. Os métodos usados como dicía anteriormente, son totalmente adaptados as súas necesidades específicas e con técnicos adecuados a súa idade e problemática.

**Cales son as principais necesidades educativas especiais coas que se atopa?**

Existen distintos tipos de necesidades educativas especiais a nivel físico, psíquico, cognitivo e sensorial. Os problemas principais cos que nos estamos atopando son: Trastorno de Espectro Autista, Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade, Trastornos da linguaxe, Trastornos graves do desenvolvemento, Trastornos graves da conduta, Dificultades de Aprendizaxe, Discapacidades Motoras ou Intelectuais, Retraso Madurativo...

**Cre que na educación pública abórdase o tema das necesidades especiais en nenos de xeito suficiente?**

Penso que se mellorou moito, percibo que se comeza a ter un compromiso coas familias que posúen

un neno ou nena cunha necesidade educativa especial. O feito de abordar máis de cerca as necesidades educativas especiais nas escolas públicas, aportando maiores recursos, fainos ser máis conscientes da importancia da educación pública.

**Como de importante é a intervención temperá nestes casos?**

É fundamental. A intervención temperá vai dirixida á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o seu entorno, que ten por obxectivo dar resposta o máis cedo posible ás necesidades transitorias ou permanentes do neno. Incide nas tres áreas do desenvolvemento claves: psicomotor, autonomía persoal e comunicación. A plasticidade cerebral é moi boa neste momento evolutivo.

**Que consellos daría a aqueles nenos que teñen nas súas aulas este curso algún compañeiro ou compañeira con necesidades educativas especiais?**

O meu consello é que deixen que sexan eles mesmos, que aproveiten a oportunidade de coñecerlos, é fantástico todo o que che ensinan! O seu carácter é extraordinario, teñen moitos valores adquiridos que os fan ser seres moi moi especiais. Convivir ao seu carón cambioume como perso, pero para mellor.

**DISTRIBUCIÓN DE GASOLEOS**  
OFRECIENDO CALIDAD Y SERVICIO  
DESDE 1995

**GASÓLEO A (Automoción) / GASÓLEO B (Agrícola) / GASÓLEO C (Calefacción)**

**V.V.**  
DISTRIBUCION DE GASOLEOS  
DISTRIBUCIONES VAZQUEZ  
Y VILLAR S.L.U.

Treilán s/n - 27600 Sarria (Lugo) / e-mail: vazquezyvillar@yahoo.es  
TFNOS. DE PEDIDOS: 982 530 053 / 617 313 028 / 608 588 396

**CARNICERÍA**  
Noda

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052



# “Facer teatro reforza a autoestima e tamén a aceptación persoal”

María Elvira Pallares (Viruca) e Rocío Magalí Peccatiello, de Rebuldeira Teatro

## Quen forma Rebuldeira Teatro?

Os compoñentes de Rebuldeira Teatro actualmente somos: Antonio Castro López (Tocho), Daniel Rodríguez Cabada, David Neira Rodríguez, María Elvira Pallares Gallego (Viruca), María Jesús Tosar López, María Milagros Nuñez Pérez, Milagros López Pérez e Rocío Magalí Peccatiello Rey.

## Como xorde a idea de crear este colectivo e en que ano se fragua?

O Grupo Rebuldeira Teatro naceu en Sarria, en xaneiro do 2011, formado por alumnos e alumnas e ex alumnos da Aula de formación teatral creada no propio concello no ano 2010. Na actualidade a asociación está formada por 8 actores e actrices con idades que van desde os 18 anos ata a xubilación.

## Por que o nome de Rebuldeira?

Cando tivemos a primeira reunión para crear a asociación, cada un levaba unha proposta para o nome e saíu gañadora a proposta de Viruca. Rebuldeira é un sinónimo de brincadeira e significa ao que lle gusta xogar, brincar ou saltar.

## Que facer se un quere unirse a Rebuldeira Teatro?

Para unirse ao grupo soamente hai que ter ganas e disposición. Sempre pedimos que a xente teña compromiso co grupo xa que se falta un, é complicado ensaiar unha obra. Antes da pandemia, a Aula de Teatro de Sarria contaba con teatro infantil e adulto, sen embargo, a covid-19 provocou que a actividade organizada polo concello desaparecera. Aínda así, as nosas ganas de seguir facendo teatro foron en aumento, polo que continuamos subíndonos as táboas

co grupo de teatro para adultos.

## Faládenos un pouco dos comezos.

Na súa andaina, foron presentadas obras e improvisacións, tanto en moitos pobos de Galicia como fora do noso territorio en colaboración cos Centros Galegos de Barakaldo e Barcelona. As pezas presentadas foron: A Comedia Bífida, O Velorio, A farsa Plautina, A Pantasta do Pazo do Tumbiadiro, O Achado do Castro, Arsénico por caridade, Louca adaptación de Asamblea de Mulleres, O Bar de Manolo, Fráxiles e Sorpresa, sorpresa. Por outra banda, tamén foron feitas varias improvisacións, algunhas relacionadas con temáticas actuais como a violencia de xénero e outras adaptacións libres en un ton cómico para celebrar o día das Letras Galegas, homenaxear a Roberto Vidal Bolaño, colaborar coa feira das antigüidades de Sarria e para representar nas residencias de anciáns da comarca.

## Como é un dos vosos números? Como vos preparades?

Pois a verdade é que depende moito do tipo de evento que fagamos, xa que non é o mesmo montar unhas escenas con poucos personaxes que preparar unha obra con moitos. Tamén hai que ter en conta, que preparar unha obra, leva moito tempo e moito traballo detrás, máis do que a xente imaxina. Temos feito algunha improvisación formada por escenas organizada en dúas semanas, como tamén tardamos un ano en facer calquera das obras que levamos representado.

## Quen propón as representacións que se levarán a cabo e canto tem-

## po leva preparar a obra?

Sempre contamos cun/a profesor/a que se encargaba de ler un gran número de obras procurando que se adaptaran o máximo posible ao número de actores e actrices do grupo. Cando a conseguía, nola propoñía, leíamola todos xuntos e se nos convencía a todos, poñíamonos mans á obra. Os ensaios eran os xoves de 20.00 a 22.00 horas seguindo o calendario escolar.

## Estase a levar a cabo a Mostra de Teatro Iván Tourón Morais, contádenos un pouco máis acerca dela.

Pois a idea de facer a I Mostra de Teatro Iván Tourón Morais xurde tras a perda do noso compañeiro o 4 de setembro do 2021. Puxémonos en comunicación co concello de Sarria porque queríamos facerlle unha homenaxe e ademais de aceptar a nosa proposta, nos propuxeron a posibilidade de poñer no auditorio onde ensaiamos, a colocación dunha placa co seu nome. A Mostra se celebrará durante os meses de setembro e outubro tanto para público infantil (os venres ás 17.30 horas) como para público adulto (os domingos ás 20.00 horas) na Casa da Cultura de Sarria. Contamos co patrocinio da Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o concello de Sarria, a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, Ler conta moito e o noso grupo, Rebuldeira Teatro. As obras para público infantil que terán lugar os venres dentro desta mostra son: 4 monos de Tropa de trapo (o 30 de setembro ás 17.30 horas), A estatua de Asociación cultural teatreiras (o 7 de outubro ás 18.00 horas) e A Saga de Flin Havardr de Trecola productions (o 14 de outubro



ás 17.00 horas). En canto ás obras para público adulto, terán lugar os domingos ás 20.00 horas e son: Escola de vaqueiros de Metatase Teatro (o 2 de outubro), Adulterio decente de Charamela Teatro (o 9 de outubro) e No fío das historias de Alentía Teatro (o 16 de outubro).

## Cales son as seguintes actividades que tedes previstas?

Actualmente levamos a nosa obra Fráxiles a tódolos circuítos, mostras e certames que van solicitándonos. As datas previstas son as seguintes: o 19 de novembro estaremos no Inicio ás 17.30 horas con Ciclo Táboas Cheas de Emoción, o 20 de novembro na Casa da Cultura de Sarria ás 19.00 horas co Circuito Galego de Teatro Amador 2022 e o 11 de decembro en Escarón con Ciclo Táboas Cheas de Emoción. Por outra banda, nós tamén somos organizadores de circuítos de teatro como o Circuito Galego de Teatro Amador 2022 de Fegateia e a Mostra de Teatro Iván Tourón Morais como xa contamos anteriormente. Dentro do Circuito Galego de Teatro Amador 2022 de Fegateia organizaremos os seguintes actos no mes de novembro: Cavort Teatro coa súa obra Enclave de X (o día 6), Porta Aberta coa súa obra Get Back (o 13) e Fauna 113 coa súa obra Os veciños do lado (o 27 de novembro). Con respecto ao Ciclo Táboas

Cheas de Emoción da Deputación de Lugo, Teatreiras respresentará a súa obra O crime de Lady Sibila o 3 de decembro. A nosa paixón polas artes escénicas, leva ó grupo a continuar coa formación interpretativa, polo que tamén se organizou por parte de Fegateia, o curso intensivo Laboratorio de Creación Escénica impartido polo sarriano Cesar o 26 de novembro na Casa da Cultura de Sarria (en horario de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas). Para poder participar, é obrigatoria a inscrición.

## Que lles diríades á xente para que se animaran a facer teatro?

O teatro ten moitos beneficios tanto para o espectador como para o que está enriba do escenario. Por unha banda, o espectador durante o tempo que dura a función, transportase a outro mundo, esquécese dos problemas e pasa por un conxunto de cambios emocionais que van dende a risa ata a tristeza, dende o medo á tranquilidade. Por outro lado, para os actores e actrices, funciona como unha ferramenta para desenvolver a imaxinación, saíndo da zona de confort e permitindo xogar como cando eramos nenos. Tamén ten outros moitos beneficios como vencer a timidez, mellorar a vocalización, reforzar a autoestima e a aceptación persoal, ou a eliminación de tabús, entre outros.

**ELECTRONOVA**  
ILUMINACIÓN - ELECTRODOMÉSTICOS

C/. RÚA NOVA, 56 - 27600 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 533 648 Mov.: 699 065 864  
electronova@mundo-r.com

**ARQUITECTO TÉCNICO**

**OTA** OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA  
XOSÉ BRAIS PEREIRO CHADS  
arquitecto técnico

**PROYECTOS TÉCNICOS | DIRECCIONES DE OBRA**

**COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD**

**CERTIFICACIONES | INFORMES**

**TRABAJOS TOPOGRÁFICOS**

**ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN**

**URBANISMO**

SARRIA (LUGO) 676 559 980



# COMARCA

## Tomé abre o curso político do PSOE

O líder socialista presenta un partido “con capacidade e proxecto”

Os socialistas lucenses encaran o inicio do curso político co compromiso “de seguir traballando día a día para mellorar a vida dos lucenses. Política de feitos e non de anuncios, diálogo coa xente, cos axentes sociais e coas familias. Unha aposta clara polos servizos públicos, polas políticas sociais, polo rural, polo tecido produtivo, o sector primario, a industria, o comercio e o turismo”. Así o indicou o Secretario Xeral do PSdeG na provincia, José Tomé Roca, durante un encontro cos medios de comunicación no que adiantou as liñas de traballo e os obxectivos para un curso político que desembocará nas eleccións municipais de maio do 2023 e a conseguinte renovación das corporacións locais e provincial.

No encontro, estivo acompañado polo Presidente do partido na provincia, Miguel Fernández Méndez, o Vicesecretario Xeral, Xosé María Arias Fernández e a Secretaria de Organización, Pilar García Porto.

“Conseguir representación municipal nos 67 concellos da provincia, manter e reforzar as actuais alcaldías, sumar outras novas, manter e mellorar resultados nos concellos onde non gobernamos e asegurar a continuidade dun goberno progresista presidido por socialistas na Deputación de Lugo” son os obxectivos marcados polo líder do PSdeG na provincia.

O partido, recalcou José Tomé, encara o ano político cun partido “forte, unido, con homes e mulleres con capacidade, ideas e recursos” para mellorar os resultados das municipais. Actualmente, os socialistas gobernan ou cogobernan en 31 dos 67



concellos da provincia, que aglutinan a maioría social da provincia porque suman un 65% da poboación lucense. “No ano 2019 tivemos uns resultados moi bós, pero non nos conformamos. Lugo merece máis. Lugo merece máis socialismo porque así iralle mellor á xente”, dixo Tomé.

“Pisamos o acelerador da actividade do partido a pé do territorio, cun traballo coordinado coas agrupacións, cos alcaldes e alcaldesas, cos voceiros, cos deputados e deputadas e coa militancia e os simpatizantes para mobilizar á cidadanía en torno ós ideais, os feitos e o proxecto do PSOE”, avanzou o Secretario Xeral.

**VACACIÓNS DA XUNTA.** José Tomé criticou as “vacacións permanentes da Xunta” durante os últimos 13 anos. “O PP carece de proxecto para esta provincia. A súa resposta ós problemas dos lucenses é sempre o escapismo, negar a súa responsabilidade e finxir que nada é competencia súa. Fan moi ben de comentaristas para saber o que pasa, pero non aportan ningunha solución para os problemas da sociedade galega.

E os alcaldes do PP na provincia seguen estas directrices e calan. Calan ante o desmantelamento dos servizos públicos ou ante a desertización industrial da provincia, xa que son disciplinados”.

José Tomé incidiu en que “existe outra forma de facer política, outro xeito de xestionar, que é o que estamos a facer os socialistas, aportando accións concretas alí onde gobernamos e propostas construtivas onde somos oposición. E estamos sempre dispostos a colaborar con todas as institucións”, insistiu. Nesa liña, aludiu as medidas aprobadas polo Goberno de Pedro Sánchez para transformar a economía e ao mesmo tempo, protexer ás familias e a maioría social. “Non é o mesmo que goberne o PSOE que o PP, co goberno socialista subíronse as pensións, subida do Salario Mínimo, a reforma laboral, a bonificación do combustible ou o imposto ás grandes enerxéticas ou aos bancos. Ademais das axudas directas ás explotacións leiteiras, cando o Goberno da Xunta non concedeu ningunha”, ou as destinadas ás de carne.

## A construción do túnel de Oural finalizará o vindeiro ano



A construción do novo túnel de Oural forma parte dos proxectos de modernización do corredor ferroviario Ourense-Monforte-Lugo e persegue unha dobre finalidade: mellorar o estado da infraestrutura e aumentar a fiabilidade das liñas e a calidade do servizo.

Cun importe superior aos 50.000.000 euros, as obras contaban cun prazo de execución de 29 meses. Deron comezo en novembro do 2021 e se prevé que a súa finalización teña lugar en 2023.

O contrato adjudicado comprende as obras de construción do novo túnel de 1,85 quilómetros de lonxitude, que substituirá ao xa existente en servizo, mellorando as súas prestacións. O novo túnel de Oural executouse en paralelo ao que xa existía, que se mantivo como galería de emerxencia.

O túnel contará con liña área de contacto (catenaria), sistemas de

sinalización e comunicacións adaptados á nova solución proxectada, sistema de ventilación e sistemas de protección civil, así como instalacións de telecomunicacións e dúas zonas de instalacións auxiliares (ZIA), unha en cada emboquille.

Executaranse tres galerías transversais de evacuación, cunha distancia máxima de 500 metros entre unha e outra. A sección da galería central será apta para vehículos, mentres que as laterais serán de tipo peonil.

A primeira destas melloras, a variante da Pobra de San Xiao, entre Monforte e Lugo, xa está en servizo dende abril de 2018. Entre os beneficios do novo trazado, duns 7 quilómetros de lonxitude, destaca a supresión dos 14 pasos a nivel así coma o incremento da velocidade de paso dos trens ata os 160 quilómetros por hora.



**ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES**

- CUBIERTAS DE PIZARRA
- COLOCACIÓN DE PIEDRA
- ESTRUCTURAS DE NAVES
- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
- OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698 



## OSO BLANCO

LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

WWW.LAVANDERIASOSOBLANCO.ES



AHORA PUEDES

### PAGAR CON TU MOVIL

1. Descarga OSO BLANCO LAVANDERÍAS
2. Regístrate
3. Busca la Lavandería

POR CADA RECARGA DE

## 10€

TE REGALAMOS

## 1€



Rúa Calvo Sotelo 20  
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30



Rúa Calvo Sotelo 199  
SARRIA - LUGO

08:00 a 22:30








## A Mancomunidade do Camiño Francés recibe o premio Apepsa 2022



A Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés vén de gañar a X edición do premio internacional Apepsa 2022, convocado pola Asociación de Periodistas e Estudos do Camiño de Santiago. Nunha edición dedicada a Pilar Armesto Valiña, que desenvolveu labores de hospitaleira, mesoneira, dinamizadora e defensora dos valores do Camiño de foi pioneira no asociacionismo e na acollida aos peregrinos.

Na actualidade a Mancomunidade está integrada por Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino. O xurado deste premio internacional Apepsa 2022, estivo presidido polo xornalista Luís Celeiro Álvarez, que destacou e valorou "moi positivamente o traballo da Mancomunidade e de cada un dos concellos integrantes da mesma, na defensa e promoción dos valores do Camiño de Santiago, que dende os seus comezos foi un tránsito de cultura e coñecemento e un espazo de arte que temos a obriga de manter e agrandar", afirma o xornalista.

Segundo o xurado, do que tamén formaban parte os xornalistas Xosé

Luís Muñoz e Carmen Prado (do Colexio de Xornalistas de Galicia e da Asociación de Periodistas de Santiago, respectivamente), Xabier Goyanes (da Asociación Pazos de Galicia) e Purificación Carballo (que actuou como secretaria de Apepsa), "o traballo feito pola Mancomunidade no ano 2021 e primeiro semestre de 2022, na defensa e promoción de valores como o da solidariedade, a divulgación da cultura en tódalas súas manifestacións, das artes e da artesanía, así como a consideración do camiño como un patrimonio común, capaz de xerar riqueza cultural e económica, en todos e cada un dos concellos, fan a esta entidade gañadora do Premio", destacaron.

O xurado valorou tamén como un "feito positivo e que merece ser destacado dentro das actividades da Mancomunidade", o programa Resoando no Camiño co que o artista Abraham Cupeiro realizou seis actuacións en seis enclaves singulares ao longo do Camiño Francés en Galicia.

O Premio consiste nunha escultura, Harmonía, da autoría de Luís Loureira e o acto de entrega terá lugar en O Cebreiro, o día 21 de outubro.

## O tramo da autovía entre A Pobra e Sarria sufrirá cortes de tráfico

A execución do firme na primeira fase da autovía Nadelá-Sarria, entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro, fará necesario habilitar cortes de tráfico a partir de comezos desta semana.

Unha vez finalizados os traballos de movemento de terras, estruturas e drenaxe, comézase a avanzar na capa de rodaxe e na sinalización para finalizar en outono esta primeira fase das obras da autovía. Os traballos afectarán á calzada que se desdobra e á calzada actual do corredor. Polo tanto, co fin de minimizar as molestias aos usuarios, as obras executaranse por fases, optimizando os cortes de tráfico, tanto no que a tempo se refire, coma nas zonas afectadas.

De maneira máis detallada, nunha primeira fase procedeuse ao corte do tráfico no tramo comprendido entre os enlaces de A Pobra de San Xiao e Sarria norte. De forma inmediata, comezarán os traballos de rehabilitación do firme existente, así coma a eliminación de resaltes de pintura e captafaros. Continuaron cos traballos do estendido da capa de rodaxe sobre o firme actual. Durante esta fase, e de maneira puntual, realizáronse intervencións na calzada entre os enlaces 22 e 24, mantendo o tráfico alternativo en todo momento con sinalización provisional de obra.

Nunha segunda fase, a partir do 10 de outubro, ampliarase a zona sen tráfico ata o enlace Sarria sur para finalizar a nova capa de rodaxe sobre o corredor existente, que proseguirá nos enlaces centro e norte. O luns 17 se prevé comezar a disposición da sinalización horizontal

e o día 26 abrírase ao tráfico a autovía en sentido Lugo-Monforte.

Nunha terceira fase, o 27 de outubro, desviarase o tráfico no sentido Monforte-Lugo pola estrada LU-546, quedando como única alternativa o desvío en sentido Lugo entre os enlaces de Sarria norte e A Pobra de San Xiao.

Neste período acometerase a capa de rodaxe na calzada de desdoblamento. Tamén se levará a cabo a disposición de sinalización horizontal e os acabados.

A Xunta está a destinar un orzamento de 25 millóns de euros nesta intervención nos 11,5 quilómetros que conectan A Pobra de San Xiao con Sarria centro, o tramo que rexistra maior intensidade de tráfico.

As obras supoñen a adaptación dos tres enlaces do tramo: A Pobra, Sarria norte e Sarria centro, e a ampliación dos seis pasos inferiores; así coma a instalación dun valado reforzado para evitar o acceso de fauna salvaxe.

**SEGUNDA FASE.** Paralelamente, o Goberno galego segue a avanzar na segunda fase da autovía, trala adxudicación da redacción do proxecto construtivo que completará o desdoblamento da infraestrutura ata Lugo. Esta segunda fase da autovía abarca 13,5 quilómetros, entre A Pobra de San Xiao e a conexión coa A-6 en Nadelá.

Este traballo, adxudicado por case 270.000 euros, ponse en marcha para poder dispor xa a mediados de 2023 dun proxecto de trazado para someter a información pública.

## O Muvicla acolleu unha reunión de técnicos agrícolas



Co único obxectivo de abordar varias liñas de traballo para o desenvolvemento do rural e evitar o seu abandono, véñense de reunir no Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria (Muvicla) situado en Tralste, varios enxeñeiros agrónomos, de montes e técnicos forestais.

Estes profesionais buscan sinerxias para levar a cabo unha xestión o máis racional posible do rural, sen dúbida unha oportunidade óptima para o territorio galego. O seu traballo permite xestionar aproveitamentos agrogandeiros e forestais e traballar na dinámica de abandono da terra e na caída demográfica.

Os enxeñeiros agrónomos, de montes e técnicos forestais poñen o punto de interese na posta en valor do rural. Non só centrándose nos beneficios que aporta á sociedade á obtención de alimentos e produtos típicos de alta calidade, senón tamén con respecto aos milleiros de hectáreas de monte que axudan a previr e frear os incendios forestais e xeran unha riqueza ambiental e hidrolóxica incalculable.

Esta reunión no Muvicla foi unha posta en común para trasladar a toda a sociedade a necesidade de mirar cara tódolos actores que interveñen na cadea alimentaria, como valores esenciais na calidade de vida.

**MUEBLES**

*Veña visitar a nosa exposición*

**"30 ANOS O SEU SERVIZO"**

*Muebles Celeiro*

Vilapedre 27614 (Ctra. LU546, km16) Sarria - Lugo / Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com

**Brigo Sarria**

-Pinturas -Barnices  
-Pavimentos -Decoración

Matías López, 80 - Bajo  
27600 - SARRIA - (Lugo)  
Tel/Fax: 982 53 25 35  
Email: bricosarria@hotmail.com



## Estudan poñer o nome de Elvira López Mourín á escola rural de Río

Tal e como vén de anunciar o alcalde do Concello de Láncara, el mesmo proporá no vindeiro pleno a posibilidade de que a escola rural da parroquia de Río, reciba o nome de escola Elvira López Mourín.

O motivo de tal nomeamento, non é outro que render homenaxe a esta enfermeira que coa súa traxectoria convertíase na primeira muller en exercer esta profesión e na primeira voluntaria tamén en paricipar nun voo sanitario. Todo un orgullo para o concello de Láncara.

Na actualidade está a ter lugar unha exposición itinerante titulada Elvira López Mourín: unha enfermeira de altura, que se presenta acompañada de varias conferencias e conta coa participación e intervención de numerosos expertos, investigadores, profesores e coa figura da presidenta do Colexio Oficial de Enfermería de



Lugo, Lourdes Bermello López. O propio Darío Piñeiro, alcalde de Láncara, asistiu á inauguración desta mostra no Centro Polifuncional do Campo da Feira, acompañado por varios membros do seu equipo de goberno. O rexedor salienta a importancia de darlle visibilidade "á historia de mu-

lles como Elvira, pioneira da enfermería ao participar nun voo médico na guerra do Rif en 1922 e veciña de Láncara". E tamén puxo en valor "o traballo que se desenvolveu dende a Academia de Enfermería de Galicia e dende o Colexio de Enfermería de Lugo por impulsar actividades para que a súa figura se coñeza".

## Elvira López Mourín

A Academia de Enfermería de Galicia e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo puxo en marcha unhas xornadas sobre a figura da enfermeira Elvira López Mourín, natural de Láncara. Cunha exposición itinerante, a figura desta enfermeira convértese en indispensable dado que foi a primeira muller que exercía esta profesión e quixo participar de xeito voluntario nun voo sanitario, do cal se cumpren cen anos en novembro.

A exposición itinerante titulada *Elvira López Mourín, unha enfermeira de altura*, vai acompañada de varias conferencias.



No ano 1922 Elvira López Mourín foi considerada polos medios de comunicación españois como una heroína de guerra e foi recibida por diversas autoridades.

Nese mesmo ano participou en numerosos actos conmemorativos, tivo unha audiencia co presidente do Consello de Ministros José Sánchez Guerra, foi recibida pola reina

Vitoria Euxenia e o rei Alfonso XIII concedelle unha audiencia no Palacio Real onde foi felicitada por todo o seu percorrido profesional.

Foi elixida no 2020 por Correos como protagonista do selo postal conmemorativo do Año internacional das enfermeiras e matronas, declarado un año antes pola Comisión Filatélica do Estado.

## Almorzoworking de Feminino Rural na vila



O almorzoworking celebrado no concello de Láncara, que forma parte do programa Feminino Rural, recibiu a visita do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

A Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo (AELU) xunto coa Deputación, encárganse de impulsar este proxecto no que veñen de participar unha vintena mulleres con iniciativas emprendedoras ou empresarias da comarca da Sarria, xunto co alcalde de Láncara, Darío Piñeiro, e a propia presidenta de AELU, Beatriz Varela.

Rivera Capón salientou que "esta medida forma parte da estratexia da institución para fortalecer o tecido produtivo da provincia, neste caso, os proxectos empresariais e emprendedores liderados por mulleres no rural". Detallou que "este é un programa no que as participantes reciben formación, acompañamento e asesoramento de maneira gratuíta, tanto para me-

llorar os negocios que están en marcha, como para favorecer o éxito e viabilidade das iniciativas emprendedoras. A institución provincial inviste 40.000€ neste programa".

**PARTICIPANTES.** O deputado subliña que o proxecto está tendo moi boa acollida na provincia, con máis de 100 mulleres involucradas. Afirmando que "as actividades empresariais que queren desenvolver ou xa están desenvolvendo as mulleres participantes na provincia son moi diversas: servizos forestais, turismo rural, comercio, agricultura ecolóxica, organización de eventos, publicidade, gandería, coach, adegas, artesanía, tear, pilates ou traballos feitos á man".

No caso de Láncara, destaca a alta porcentaxe de empresas e iniciativas dedicadas aos servizos sociais e a atención e ocio a maiores. Tamén á produción gandeira e agrícola, salón de peiteados, servizos forestais ou atención a inmigración e consultaría social.

¡GRAN EXPOSICIÓN!

BULTEX Epoca Sema laltojtex pikolin

PILTRAS  
TODO PARA EL DESCANSO

Oferta  
885€

¡VEN A PROBARLOS SIN COMPROMISO!

Rúa Calvo Sotelo, 67 y Matías López 85, Sarria.  
Telf 982 876 741

Muévete a BigMat viñas

982 530 060  
www.bigmat.es

BigMat viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m<sup>2</sup> de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito



## Triacastela recibe axudas por ter árbores de formacións singulares

Triacastela atópase entre os municipios que se beneficiarán do plan de axudas locais levado a cabo pola Xunta, que vén de resolver a concesión de 21 axudas por preto de 40.000 euros para actuacións de mellora, conservación e divulgación das árbores e formacións singulares.

Na liña de axudas a administracións locais, a Xunta concedeu 10 axudas que se distribúen entre os concellos de Triacastela, e outros coma Caldas de Reis, Padrón ou Oleiros.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, vén de aprobar 11 subvencións a 6 entidades propietarias ou parti-

culares. Entre as actividades concedidas figuran a realización de podas e actuacións de formación e control da copa, a aplicación de tratamentos fitosanitarios, as accións de conservación e mellora do entorno, iniciativas de divulgación e sinalización e a execución de estudos.

Tódolos elementos que reciben subvención están recollidos no Catálogo galego de árbores singulares, un rexistro público de carácter administrativo no que se inclúen todas aquelas árbores e formacións que en atención ás súas características excepcionais, merecen unha protección especial.

Trátase dunha ferramenta aberta e

en constante actualización, na que poden propoñer a inclusión de elementos novos os seus propietarios, as administracións, os centros de investigación ou as asociacións e aquelas entidades privadas ou públicas que teñan entre os seus fins estatutarios a protección da natureza. De feito, dende a aprobación da súa regulación no 2007, foi obxecto de diversas revisións e sométense a información pública novas propostas para valorar a posible incorporación de exemplares con valores destacables. Nestes momentos, o catálogo suma xa 183 elementos (145 árbores e 38 formacións) pertencentes a 79 especies diferentes.

## Uns 40 membros da OJE fixeron un campamento

Arredor de 40 membros da Organización Xuvenil Española veñen de visitar o concello, para dar a benvida aos novos afiliados e presentar á nova directiva. Os participantes realizaron numerosas actividades durante todo o día como aprender a voar un dron, realizar rutas programadas ou montar as súas propias tendas de campaña. Posteriormente, tivo lugar a entrega de recompensas e recoñecementos. Á comida que fixeron os membros da organización acudiu a alcaldesa, quen informou sobre a construción a mans de mozos da OJE do monumento ao Peregrino erixido na Praza do Concello no ano 1965.

A ruta xacobeá convértese así nunha das protagonistas destas xornadas bautizadas como Mocidade no Camiño, nas que participaron nenos a partir de 6 anos de idade. Estas xornadas realízanse de forma anual polo colectivo OJE que este ano elixiu como destino Triacastela, ao ser un punto de paso importante para o Camiño de Santiago. A OJE confórmasse como unha organización xuvenil sen ánimo de lucro que realiza todo tipo de actividades formativas para a mocidade. Ocupan educativamente o seu tempo libre en conseguir un exercicio máis responsable da súa liberdade para ser mellores cidadáns.

## O Concello pecha a compra dun tractor para a realización de traballos ambientais



O concello de Triacastela vén de adquirir un tractor de segunda man totalmente equipado para completar a realización de traballos ambientais e de conservación.

Cun custe total duns 40.000 euros, Triacastela contará a partir de agora con este tractor deseñado para executar as tarefas agrícolas e medioambientais

máis precisas. Non só facilitará a realización destes traballos, senón tamén minimizará o esforzo dos operarios municipais que se vexan implicados neles.

O principal obxectivo que persegue o concello de Triacastela coa adquisición deste tractor é manter limpas e coidadas as zonas rurais e contribuír ademais á seguridade de tódolos veciños.

## A biblioteca acolle unha mostra sobre a historia da Cova Eirós

Situada na casa consistorial, esta exposición inclúe textos, fotografías e infografías con un total de 19 paneis informativos que buscan dar a coñecer ao público o xacemento da Cova Eirós do xeito máis próximo posible. A mostra poderase visitar en Triacastela de forma indefinida.

A Cova Eirós é a primeira cova en todo o noroeste peninsular onde se levan atopadas manifestacións de arte rupestre do período paleolítico. Entre o material recuperado nas escavacións, atópase moita industria lítica e moita fauna. O obxectivo das mesmas foi acadar en toda a superficie do sector da entrada os niveis de paleolítico medio cunha antigüidade de 80.000 anos, así como terminar a análise nos niveis de paleolítico superior.

No interior da cova, os arqueólogos ocupáronse este pasado mes de



agosto de revisar os paneis e motivos artísticos para cerrar calcos e poder estudalos máis en profundidade e tamén de revisar algúns sectores na busca de novos motivos.

As investigacións no entorno da Cova Eirós, forman parte do proxecto Ocupacións humanas durante o Pleistoceno na cunca media do Miño, dirixido polo historiador Ramón Fábregas

e coordinado por Arturo de Lombera e Xosé Pedro Rodríguez. Dende 2008, desenvóléronse un total de seis campañas de escavacións na cova e na entrada xa se localizaron varios niveis de ocupación do Paleolítico Medio e Superior, cunha antigüidade que oscila entre os 85.000 e os 35.000 anos, así coma restos da Idade de Bronce e o medievo.



**NOVA CENTENARIA.** O concello de Triacastela celebrou o cumpreanos número cen da súa veciña Aurora Gayo González. Aurora naceu en Vilar, Triacastela, tivo tres fillos, xa falecidos, dous netos e dúas bisnetas. Vive coa súa nora Sara e a súa neta Margarita na casa de Salgado da Vilavella onde casou hai preto de 80 anos con Manuel Salgado Samos. É viúva desde o ano 2004. A centenaria dedicouse á vida da casa e do campo. Con motivo do seu centenario recibiu a visita da alcaldesa de Triacastela, Olga Iglesias, e do tenente de alcaldesa Bautista Arias. O concello de Triacastela conta a día de hoxe con dúas centenarias.



## O Concello asina co Mitma varios protocolos da Axenda Urbana

Paradela, convértese no único municipio galego de menos de 5.000 habitantes que obtén esta subvención centrada na posta en valor de aspectos coma a loita contra o cambio climático, a redución da dependencia enerxética ou o poder acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030.

O alcalde de Paradela, José Manuel Mato, participa de forma activa nesta firma de varios protocolos, xunto coa ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Raquel Sánchez.

A subvención consiste nunha liña de axudas de 50.000 euros e terá validez nun período de dous anos, axudando a xestionar o propio concello e establecendo vías de colaboración para os problemas que poidan xurdir.

A firma, presidida pola ministra Raquel Sánchez, contemplou 81 protocolos da Axenda Urbana dedicados a



mellorar a calidade de vida dos cidadáns de tódalas entidades locais que entran nel. O ministerio ten previsto culminar en próximas datas o proceso para financiar un total de 121 proxectos con fondos europeos.

**AXENDA URBANA.** A elaboración dos proxectos que se engloban dentro da Axenda Urbana contemplan o papel dos pobos e cidades dun xeito transversal e integrado.

Trasladando sempre ao local os retos globais que se podan presentar coma a mitigación do cambio climático, a eficiencia enerxética ou a loita contra as desigualdades sociais e económicas, e convertendo esta política de actuación no mellor instrumento para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030. Búscase que tódolos retos globais se teñan que resolver sempre dende a perspectiva local.

## Alumnos poderán desfrutar do servizo de Madrugadores

O Concello vén de poñer en marcha o servizo de Madrugadores dirixido a todos aqueles alumnos e alumnas do CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela. Este servizo, xa dispoñible de luns a venres e en horario de 08.00 a 09.30 horas, ten como principal obxectivo apoiar a conciliación laboral e familiar de tódolos veciños da zona.

O programa Madrugadores, consiste na ampliación do horario de apertura do centro docente durante tódolos días lectivos. E así o está a aplicar o concello de Paradela.

Desta maneira, os nenos están atendidos dentro do centro escolar nun ambiente lúdico e educativo. O servizo Madrugadores de Paradela, que se realiza en colaboración co centro educativo CEIP Plurilingüe San Miguel, ten unha programación



específica baseada nas actividades creativas e artísticas, musicais e incluso deportivas.

Para recibir máis información acerca das actividades ou a inscrición no programa só é necesario achegarse ás oficinas municipais do Concello, chamar ao teléfono 982 541 101 ou visitar a súa páxina web <http://www.paradela.es/es>

## Paradela acolleu unha nova reunión da Orde do Camiño de Santiago

A Orde do Camiño de Santiago vén de celebrar a finais de setembro un acto en Paradela, onde auguraron un gran crecemento para a ruta xacobea. Estas reunións teñen como obxectivo que os pobos pequenos que pasa o Camiño Francés coñezan ben a historia e aprendan a poñer en valor os seus recursos para estar mellor preparados para atender aos peregrinos.

O acto, que tivo lugar no centro

sociocultural Manuel Oreste Rodríguez, está incluído dentro do programa Coñece os Camiños que este ano celebra a súa terceira edición, e alberga tres conferencias.

Cada unha destas xornadas que conforman Coñece os Camiños, consta dun panel de conferencias sobre o Camiño de Santiago e o Xacobeo, unha actuación folclórica e musical, seguida dunha degustación gastronómica de produtos da localidade e

unha visita cultural aos lugares máis emblemáticos de cada zona.

A reunión incluíu unha actuación musical e, trala comida, os asistentes tiveron unha visita pola capela de Santa María do Loio para recordar o mosteiro onde naceu a Orde dos Cabaleiros de Santiago. Pode consultarse a información completa e a programación das futuras actividades na web [www.ordendelcamino-desantiago.es](http://www.ordendelcamino-desantiago.es) e en redes sociais.

## Castro de Rei de Lemos comeza o mes coas festas patronais

A parroquia de Castro de Rei de Lemos celebra os días 1, 2 e 3 de outubro as súas festas patronais.

O sábado día 1 pola noite está prevista a celebración dunha festa e verbena a partir das 22.30 horas a cargo do grupo Novo Milenio e actuará tamén a discoteca móbil Boa Festa! O domingo día 2 haberá un pasarrúas ás 12.00 horas a cargo da Banda de Arca de O Pino. A misa solemne terá lugar ás 13.30 horas seguida dunha procesión e a posterior sesión

vermú a cargo da Banda de Arca.

Xa entrada a noite, a partir das 22.00 horas, haberá festa e verbena coas orquestras Fania Blanco Show e Marbella. A partir das 00.00 horas os asistentes poderán desfrutar cunha gran tirada de fogos de artificio. E o luns día 3 como fin de festa, haberá misa solemne de novo ás 13.30 horas, con procesión e sesión vermú a cargo da Charanga de Paradela. Pola noite, as orquestras Miramar e Paris de Noia amenizarán a velada.

# iVolvemos!

## Curso 2022 / 2023

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA

- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

**INFANTIL**

**PRIMARIA**

**CREADOS**

Centro Educativo de Necesidades Educativas Especiales

**ESO**

¡Infórmate sin compromiso!

C/ Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27600 Sarria (LUGO)  
☎ 626 21 86 28

### CARPINTERÍA METÁLICA

**CAMIÑO FRANCÉS**

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
[caminofrances.aluminios@gmail.com](mailto:caminofrances.aluminios@gmail.com)



## O programa Coidados Porta a Porta chega ao Incio na primeira semana de outubro

Este programa, que visitará o concello do Incio entre os días 4 e 7 de outubro, busca levar servizos asistenciais ás persoas maiores do rural para a prevención da dependencia.

Ofrecerá diante da antiga nave do mercado gandeiro (agora utilizada como sala de usos múltiples), consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria a tódalas persoas maiores de 55 anos, con cita previa e de maneira gratuíta.

Estará dispoñible en horario de 09.00 a 20.00 horas.

Un autobús con profesionais de cada unha das especialidades permanecerá nesta localización durante os días 4, 5, 6 e 7 de outubro para poder atender a tódolos asistentes.

Pódese solicitar cita previa nos teléfonos 622 748 283 e 623 546 992 ou ben enviar un correo electrónico ao enderezo [coidadosportaaporta.politica-social@xunta.gal](mailto:coidadosportaaporta.politica-social@xunta.gal)

## O Concello amplía a súa oferta de actividades extraescolares

O Concello do Incio amplía a oferta de actividades extraescolares para este novo ano escolar cunha opción variada de clases dirixidas a tódolos públicos. Este ano o concello decide incluír a disciplina do hockey e ampliar os horarios nas clases de inglés para os alumnos de ESO interesados en asistir.

Tódalas clases de hockey (patinaxe), serán impartidas polo Club de Patinaxe Lóstregos Lucus. Terán lugar os luns en horario de 17.30 a 18.30 horas, despois da clase para o alumnado do CEIP Ricardo Gasset. O prezo destas clases será de 10 euros ao mes por cada alumno ou alumna, e de 5 euros ao mes polo segundo irmán inscrito.

Con respecto ás clases de inglés para todos aqueles nenos e nenas que se atopan nalgún curso da ESO, desenvolveranse os mércores en horario de 17.30 a 18.30 horas, tamén despois da clase para o alumnado do colexio. Esta activida-



de é de balde para tódolos participantes co obxectivo de que aprendan novas linguais ou aumenten a fluidez e os coñecementos que xa posúen.

O prazo de inscrición aínda está aberto para todas aquelas persoas interesadas, que poden anotarse contactando co concello do Incio no seguinte número de teléfono 982 427 014 ou no correo electrónico [administracion@concello-deincio.com](mailto:administracion@concello-deincio.com)

## Comeza o obradoiro de coidado de zonas verdes con 20 alumnos

Deu comezo unha nova edición do Obradoiro dual de Emprego A Pobra do Brollón, Bóveda e O Incio que conta coa colaboración destes tres concellos.

Na presentación do obradoiro participaron os alcaldes Xosé Lois Maceda (A Pobra do Brollón), José Manuel Arias (Bóveda) e Héctor Corujo (O Incio), así coma a directora do obradoiro, Verónica Quintela.

O obradoiro de emprego realízase grazas a unha subvención de máis de 500.000 euros da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, co obxectivo de que persoas traballadoras desempregadas reciban cualificación profesional ao mesmo tempo que desenvolven un traballo de utilidade pública ou interese social.

Ao longo dos vindeiros 12 meses, un total de vinte alumnos, xunto con tres monitores e a directora, re-



cibirán formación e levarán a cabo traballos para crear e acondicionar zonas verdes de titularidade municipal, así como mantemento de rutas de sendeirismo nos tres municipios implicados.

Ao remate, os participantes recibi-

rán un certificado de profesionalidade na especialidade de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría, complementado cun módulo formativo en operacións auxiliares en tratamentos silvícolas.

## Santalla de Trascastro, unha parroquia chea de encanto

Santalla de Trascastro é unha parroquia e aldea do municipio do Incio. Cunha extensión de 20 quilómetros cadrados, é a parroquia máis grande de todo o termo municipal e conta con catro núcleos de poboación: Airla, Ferrería, A Roxoa e Trascastro.

Trascastro atópase en pleno Incio alto, onde o terreo é accidentado e con barrancos, varias correntes discorren polo seu terreo desembocando no río Antiga, que á súa vez forma un pequeno val que da orixe a minúsculos microclimas como o existente na zona da Ferrería.

Se toda a comarca do Incio é sumamente rica en xacementos arqueolóxicos, en Trascastro existen algunhas estacións de petroglifos coma a Pedra de San Mamede ou Pena Escrita.



Os habitantes dos castros deixaron tamén aquí a súa pegada e de aí a orixe do nome da parroquia.

A Ferrería, un dos seus catro núcleos de poboación, foi e continúa a ser

moi importante na zona, é aquí onde se localiza unha primitiva vía medieval que ben puidera ser anterior á orixe romana.

De toda a extensión que ten o municipio do Incio, é en Trascastro onde as vivendas presentan un tipo e forma máis arcaica nas súas casas. Son frecuentes os salientes, as balconadas de madeira e ata algúns pasadizos aéreos que deixan libres os camiños sen que as vivendas queden seccionadas. Estas adoitan ser de plantas variadas, algunhas con esquinas redondeadas que semellan ás primitivas chozas castrexas.

Con respecto ao templo co que conta a parroquia, é unha sinxela peza rural dun estilo barroco xa moi avanzado no que se deixa entrever un incipiente estilo neoclásico.

**Almacén Central**

VESTUARIO LABORAL  
Alta visibilidade  
Sanidade  
Bellera  
Colexial  
Hostalería  
EPIS  
Calzado seguridad  
Calzado trekking

FERRERÍA  
Herramientas  
Tornillería  
Bazar  
Menaje  
Electricidad  
Químicos  
Fitosanitarios

www.orvensl.com  
@alacen\_central  
Orvensl

ventas@ovn2010.es  
982 88 66 40  
Calvo Sotelo 60, bajo

**ADARVE**

DESAYUNOS - TAPAS  
RACIONES

Calvo Sotelo 211, 27600 Sarria / Tel.: 982 886 818



# “Ir a Pingüinos foi unha das mellores experiencias moteiras”

José Parada é o cofundador do grupo de motoristas Celtic Riders

**Cales son as orixes dos Celtic Riders? Cando e porque se forma o club e por cantos membros está constituído na actualidade?**

As orixes dos Celtics remóntanse a hai dous anos cando un amigo (Mario) e eu, creamos un punto de encontro para motoristas da zona de O Incio para que tiveran a opción de saír de ruta acompañados dada a perigosidade de saír por este tipo de estradas en solitario. Queríamos agrupar a tódalas persoas do concello que compartíssemos gustos e afeccións. Actualmente o club está formado por uns vinte compañeiros dos cales sete ou oito estamos activos semanalmente.

**Cal é a orixe do nome? A quen se lle ocorreu?**

O nome púxoselle en homenaxe á Galicia máis celta que aínda a día de hoxe pódese apreciar na Galicia máis profunda, sen ir máis lonxe aquí no Incio pódense apreciar bastantes mostras disto en forma de castros (malia que non moi ben conservados).

**Hai integrantes de tódalas zonas e idades? A paixón polas motos tédelas dende pequenos ou hai alguén que leve pouco?**

En canto á diversidade do grupo é bastante dispar, dende cataláns, madrileños ou galegos ata integrantes nados no estranxeiro. O rango de idade vai dende os 25 ata os 45 anos (actualmente) e ao fin de contas, a diversidade é algo que enriquece sempre e cando se compartan o amor polas dúas rodas. En canto á zona de Galicia, temos integrantes de: Sarria, Quiroga, Monforte, Chantada, Pobra do Brollón e tamén de Lugo.

**Cómo son as rutas que adoitades facer?**

As rutas que facemos teñen lugar as fins de semana e as cortas adoitan ser duns 200 quilómetros en total, xeralmente polas zonas de Ourense ou Lugo e de maneira ocasional preparamos rutas especiais. A paixón polas motos por regra xeral ven dende nenos e así sucede coa gran maioría de membros deste club. En canto ao meu caso en concreto, empecei no mundo hai 3 anos (un ano antes do inicio dos Celtics). Ninguén sabe cando te chega a chamada das dúas rodas, só sei que neste espazo de tempo levo comparadas xa 3 motos.

A mellor ruta que lembredes ou

**unha que fixerades con especial cariño?**

Unha ruta que creo que todos temos como especial empezou como unha ruta corrente de fin de semana e acabou con 12 compañeiros comendo un bacallau en Portugal. O ano pasado, varios dos compañeiros dos Celtics decidimos ir a Pingüinos e sen dúbida foi unha das maiores experiencias que un pode vivir no mundo das motos. Asociación, confraternidade e diversión foron os protagonistas deses tres días. En canto á viaxe a Portugal, non é máis que unha mostra de como cambiou a miña vida dende a chamada ás dúas rodas, pasar de viaxar en coche ou avión e quedarme a durmir en hoteis para agora moverme en moto e durmir en tendas de campaña. Tanto Pingüinos coma a viaxe a Portugal pódense ver na canle de youtube CeltayHaias, xa que fixen un motovlog para que todo o mundo puidera saber de primeira man como se viven este tipo de experiencias.

**Acabades de estar en Portugal, nas Nogais, agora ides a participar na concentración motorista Pingüinos de Valladolid... Cales son as próximas rutas e actividades que tedes previstas?**

Este ano que se presenta (2023) dirixímonos a Motauros, xa que antes de decidirmos por ser fieis a unha concentración invernal, temos a necesidade de probalas todas. Ao igual que o ano pasado, faremos unha publicación nos distintos perfís dos Celtic Riders en redes sociais, para convidar a

todo o que queira a unirse á viaxe a Motauros. Esta é unha iniciativa que os Celtics facemos xa que no meu primeiro ano no mundo quixen ir a Pingüinos e non puiden debido a que non coñecía a ninguén con quen ir. Grazas a esta iniciativa, coñecín ao que actualmente é un dos meus mellores compañeiros motoristas.

**A parte de rutas, que outras iniciativas levades a cabo dende a asociación? Nestas rutas só poden participar os que pertencen ao club ou todos os interesados? De ser así, como poden inscribirse?**

Nas rutas todo o que queira está máis que invitado. En canto a formar parte do grupo, invitamos a todo o mundo a vir a calquera ruta con nós (podedes contactar-nos a través das redes sociais Facebook ou instragram) e se despois da ruta hai unha boa conexión e ambiente entre todos, estades máis que convidados a formar parte do grupo.

**É unha asociación unicamente para motoristas ou tamén acolledes a condutores de quads por exemplo ou outro tipo de vehículos a dúas ou catro rodas?**

Poden formar parte dos Celtic Riders dende motos de 125cc ata aquelas de máis altas cilindradas sen ningún tipo de distinción.

**Opinades que os clubs de motoristas en Galicia teñen suficiente visibilidade?**

Persoalmente, creo que os concellos deberían investir máis en seguridade para os motoristas



(proteccións para os quitamedos) e axudar máis aos clubs financiando actividades ou evitando burocracia absurda que só fan que posibles actividades para motoristas nunca cheguen a facerse (bo exemplo diso e que se tardou case 6 meses en pedir os permisos necesarios para aparcar 40 motos nunha praza de Lugo na Gentleman Ride que tivo lugar neste ano 2022).

**Existen moitas agrupacións a nivel lucense? Adoítades facer actividades conxuntas?**

Sí, existen moitas agrupacións para motoristas en Lugo. Un club amigo é sen dúbida algunha os Lóstregos cos que xa temos feito saídas en varias ocasións e participamos nas súas Roadbook. Son un club con motorista experimentados e moi activos, sen dúbida un exemplo a seguir.

**FONTANERÍA Y GAS**  
**VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**ALPLAC**  
**PLADUR**

**PLADUR Y TECHOS DESMONTABLES**

Corros Enriquez nº 10 - Bajo  
Sarria (Lugo)  
Tel.: 615 833 965



## O PP avoga pola limpeza e conservación do Sarria

Membros do partido popular instan a Julio Gallego Moure, alcalde do municipio, a xestionar coa Confederación Hidrográfica a limpeza do río Sarria para evitar que os arbustos danen a parede do mosteiro.

Segundo afirman, “os gobernos locais non só teñen que asumir as competencias que lles son propias, en cada caso, para a conservación e promoción do patrimonio histórico e cultural, teñen tamén a obriga de permanecer viviantes e solicitar a intervención dos organismos competentes cando, dentro do territorio dos seus respectivos municipios, consideren que é preciso para a conservación e a posta en valor de bens patrimoniais, sobre os que non teñen competencia directa. En Samos, a maleza, sinaladamente

os arbustos que medran na parede do mosteiro, no río Sarria, poden chegar a ser unha ameaza para estabilidade do muro”. Así o entende o portavoz popular, José Fernández, que unha vez máis insta ao alcalde, o socialista Julio Gallego, a facer as xestións necesarias na Confederación Hidrográfica Miño-Sil para que proceda a limpar o río e liberar a parede dos mosteiros dos arbustos que medran nela.

José Fernández sinala: “se Samos é coñecido por algo é polo seu mosteiro. É obriga do alcalde coardar de que todo o que ten que ver co mosteiro estea nas mellores condicións posibles. E a limpeza do río é fundamental tanto para a imaxe do conxunto como para previr incidencias relacionadas coa seguridade do edificio”.


## Samos acollerá en outubro a XI edición do concurso Ir de Tapeo

A Asociación de Comerciantes e Artesáns do concello de Samos organiza un ano máis este concurso de tapas, os días 22 e 23 de outubro, que espera facer as delicias de veciños e visitantes.

Ir de Tapeo xurdiu hai máis de dez anos co obxectivo de dinamizar a hostalería da rexión e promover a gastronomía local.

Cun total de 5 establecementos participantes entre os que se atopan: o Hotel A Veiga, o Mesón Pontenova, o Restaurante Albaroque, o hostel e albergue Tras do Convento e A Cantina de Renche, as tapas terán un custo de entre 0,50 céntimos e 2 euros.

Tal e como afirma o propio presidente da Asociación de Comerciantes e Artesáns, José Fernández Vázquez, “este ano esperamos



moi boa acollida por parte do público. É un evento que cada ano conta con máis xente e este outubro non esperamos menos”, salienta Fernández.

Para a elección do establecemento gañador, os participantes no concurso terán que meter as súas papeletas nunha urna. “Cada un vota en función das tapas que proba cunha puntuación que vai de 1 a 3. Aqueles que probaran máis de catro tapas entrarán ademais no sorteo dunha cea para dúas persoas nun dos establecementos participantes”, comenta o presidente da Asociación de Comerciantes e Artesáns.

El mesmo destaca tamén que “ao negocio gañador facémoslle entrega dun premio simbólico. Unha pequena figura que é unha réplica dunha uva dunha vide cunha pa. Iso foi o que entregamos o ano pasado, para este outubro aínda non o temos encargado pero penso que será o mesmo”, comenta.

## A nova pista deportiva estará rematada a final deste mes

A veciñanza do Páramo poderá desfrutar dende finais de outubro dunha nova pista situada no CEIP Plurilingüe na que practicar deportes coma o fútbol ou o baloncesto. As obras financiadas grazas a unha achega da Xunta de Galicia duns 72.000 euros, deberán rematarse para o 25 de novembro. Tanto alumnos do centro coma o resto dos veciños do municipio, poderán aproveitar para practicar os seus deportes favoritos coa máxima seguridade e en boas condicións. O Concello vén de sacar a licitación a obra e as empresas interesadas en facerse co contrato teñen de prazo para presentar as súas ofertas ata o

día 20 no consistorio de O Páramo, en horario de 9.00 a 15.00 horas.

**AS INSTALACIÓNS.** O recinto constará dunha superficie total de 22 x 12 metros de resina deportiva, un material flexible que minimiza os danos por caída e que é óptimo para a realización de actividade física. Estará pechado por un valado a modo de parede de dous metros de alto. Albergará ademais as porterías e os cestos nos extremos, así como unha rede no centro para a práctica de deportes de raqueta ou voleibol.

Instalaranse seis torres con iluminación led para a utilización da

pista en condicións de pouca luz. Isto axudará a darlle uso tamén no horario non escolar e a garantir a seguridade, evitando accidentes, tal e como recolle o proxecto da obra.

A zona elixida para a instalación desta pista deportiva é unha zona verde próxima a outra pista coa que xa conta o colexio, de forma que ambos espazos deportivos do centro estean próximos.

As instalacións son financiadas pola consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que tamén costea outras pistas multideporte en centros da comunidade.



## Inician obras de mellora no campo da feira

O Concello do Páramo vén de reformar as instalacións máis próximas ao campo da feira acondicionando para veciños e visitantes unha das zonas máis céntricas do municipio.

Iniciadas na primavera, centráron-

se na construción de beirarrúas e na renovación dos servizos de saneamento e abastecemento. Foron financiadas pola Deputación Provincial e contaron cun orzamento total de 275.000 euros.

As obras foron adxudicadas á empresa Irmáns Branco Trigo de Outeiro de Rei e afectaron a un tramo de máis dun quilómetro, dende o lugar da Ciguñeira ata Casa de Aquilino.

A zona na que se desenvolveu esta intervención aglutina a maioría dos servizos do Páramo, dado que no campo da feira non só se atopa a súa singular carballeira, senón tamén o consistorio, o colexio, o centro social da Casa do Médico ou o ambulatorio. As obras incluíron o asfaltado, a construción de beirarrúas, a renovación de servizos, o pintado dos pasos de peóns e a instalación de nova iluminación en toda a zona.

**Ferretería Sarria**  
Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

**CBD MEDICINAL ECOLÓGICO**  
Especialistas en el dolor de huesos, músculos, fibromialgia, cáncer, varices...  
SIN EFECTOS SECUNDARIOS  
COMPRUEBALO POR TI MISMO  
Rúa Calvo Sotelo 95. Sarria- Lugo  
Telf. 982 530 232

**LA TIA MARIA**  
Cannabis Stores



# DEPUTACIÓN

## O Pleno acorda pedir á Xunta a gratuidade dos libros de texto

A Deputación de Lugo demanda á Xunta de Galicia a gratuidade dos libros de texto e o fin dos recortes de persoal en educación na provincia. Así se acordou, co voto en contra do PP, no Pleno ordinario do mes de setembro, a raíz dunha proposta presentada polo Grupo Provincial Socialista.

Desde a institución demandan ao Goberno autonómico do PP que remate coa política de recortes de persoal, nomeadamente no rural, e que explique en sede parlamentaria como empregou os fondos extra de 92 millóns do Estado para reforzar a educación por mor da Covid.

A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, reclamou ao PP “un compromiso real coa educación pública e coas familias lucenses e garanta a gratuidade dos libros de texto para todas as etapas do ensino obrigatorio semellante ao que estivo en vigor durante os anos do Gober-



no de Pérez Touriño”.

A Deputada lembrou que o PP de Feijóo eliminou a gratuidade dos libros, e hoxe, o PP opta por manter esa situación nun contexto económico aínda máis complexo.

Tamén saíu adiante, a Conta Xeral da Deputación correspondente á anualidade 2021 cos votos favorables do PSdeG e do BNG e a abstención do PP. Segundo informou a deputada de Economía, Recadación, Facenda

e Especial de Contas “non se presentou ningunha reclamación, reparo ou observación”.

**TOMA DE POSESIÓN.** Por outra banda, tomou posesión como deputado Xosé María Teixido Núñez. O concelleiro de Guitiriz polo Partido Popular releva así a Agustín Baamonde Díaz. Teixido Núñez prometeu o seu cargo sobre a Constitución e recibiu o diploma acreditativo e a medalla.

## A Deputación lanza unha nova edición do Lugo Termal

A Deputación lanza unha nova edición do programa Lugo Termal, que se desenvolverá neste ano 2022 e no 2023. Trátase da edición número 12 desta iniciativa, a través da que a institución provincial ofrece descontos a veciños e veciñas da provincia maiores de 50 anos e aos seus acompañantes para facilitar o acceso aos establecementos termiais da provincia e a recibir terapias mineromedicinais.

O programa será para desfrutar nos tres balnearios na provincia: o Balneario e Termas de Lugo, o Hotel Balneario Río Pambre de Palas de Rei e o Hotel Balneario de Augas Santas de Pantón, que son os establecementos para os que, como nas anteriores edicións, se ofrecerán os descontos.

Avanzou, así mesmo, que proximamente se aprobarán as bases que regulan o programa, onde irán detalladas as prazas que haberá nesta nova convocatoria para as modalidades con estancia e sen estancia. Será despois cando se abra o prazo para que a veciñanza da provincia se poida anotar.

A previsión é que o programa Lugo Termal arranque en outubro e remate en xuño, como en edicións anteriores.

## Entregan os premios ao turismo e á gastronomía



O presidente da Deputación de Lugo e presidente do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, presidiu no Día Mundial do Turismo, o acto de entrega dos terceiros premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu á Ruta da Faba de Lourenzá; á Fundación Xosé Soto de Fión e á Asociación Veciños de Vilachá de Salvadur, na Pobra do Brollón, e na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense gañou a Feira do Butelo da Fonsagrada, o Consello Regulador da Denominación de Orixe San Simón da Costa e a Festa da Merluza do Pincho de Celeiro. Pola súa banda, Cabanas das

Chousas, en Lugo, foi a empresa recoñecida polo seu traballo co galardón Turismo Sostible.

As entidades premiadas recibiron un diploma e unha peza de cerámica de Gundivós, que acreditan este recoñecemento realizado dende o Consello Provincial de Turismo, un órgano consultivo e de participación para favorecer a gobernanza turística da provincia que foi promovido e está presidido pola Deputación de Lugo.

O Presidente da Deputación expresou que “son un exemplo excelente de que avanzamos no bo camiño, mostra das nosas fortalezas, da capacidade para innovar e para competir, e que apostan polo equilibrio territorial e polo desenvolvemento do noso rural”.

## Abre o prazo para solicitar as axudas ás asociacións do rural

Abriu o prazo para solicitar as subvencións do Programa de Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios, unha liña de axudas da institución provincial destinada ás asociacións para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas do rural que conta cunha dotación económica de 300.000 euros. Son de concorrencia competitiva e poderán optar durante un mes -ata o vindeiro 28 de outubro- as entidades asociativas da provincia.

Poden pedir estas axudas, que oscilarán entre os 1.000 e os 6.000 euros, entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, asociacións de mulleres rurais, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais da provincia para realizar investimentos en inmobles ou equipamentos.

Entre as actuacións subvencionadas

atópase a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais e os seus accesos; as obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que a entidade desenvolve a súa actividade; adquisición de equipamentos para os locais que resulten necesarios para o funcionamento común da entidade; obras novas de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de augas comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, así como das súas captacións, canalizacións e acometidas; e obras de acondicionamento e recuperación de espazos públicos comunais, fontes comunais e a súa contorna.

As obras deben realizarse entre o 1 de outubro de 2022 e o 30 de xuño de 2023.

## Investirá un millón en concellos das Reservas da Biosfera

A Deputación logrou captar un millón de euros de fondos europeos para investir nos 29 concellos da provincia que integran as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A institución provincial conseguiu a totalidade do orzamento solicitado, co que acometerá 27 medidas.

En concreto, a Deputación recibirá máis de 610.000 euros para investir entre este ano e o vindeiro 2023 en distintas actuacións na Reserva da Biosfera Terras do Miño, da que forman parte os concellos de Oural, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Abadín, A Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade, Meira, Pol, Riotorto, Castroverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei, Rábade, Baralla, Lánchara e O Páramo.

Neste caso, os proxectos para os que a institución provincial solicitou os fondos europeos céntranse principalmente na conservación e xestión da biodiversidade e dos recursos naturais con melloras e a eliminación de especies invasoras. Os recursos irán destinados a melloras na contorna da Lagoa de Caque, das Ínsuas do Miño, dos Ollos de Begonte e tamén en diferentes tramos dos ríos. Tamén se inclúe o deseño e exe-

cución dun proxecto museolóxico e museográfico no Mazo de Santa Comba, para mellora da cartelería e a instalación de novos paneis, ademais da reparación dos solos e muros, cun orzamento aproximado de preto de 90.000€.

**OS ANCARES.** En canto á Reserva da Biosfera dos Ancares, a Deputación percibirá preto de 430.000 euros para Navia de Suarna, Cervantes e Becerreá.

Entre as actuacións destaca a mellora do teitado das pallozas do Piorredo, en Cervantes, con palla de centeo, á que a institución provincial destinará 91.000€. Tamén desenvolverá un proxecto de mellora dos doutos dos Ancares. Serán máis de 200.000€ para desenvolver traballos nos montes comunais de Vilaver, Donís e Moreira, en Cervantes, e de Vilor, en Navia de Suarna.

Así mesmo, dará os pasos necesarios para acadar a certificación Starlight para o territorio da Reserva da Biosfera dos Ancares.

Está contemplada ademais a mellora da sinalización de patrimonio cultural e recursos turísticos, como a Vía Romana XIX, o Castro de Santa María, en Becerreá, ou as Mámoas de Oural, Pena dos Mouros ou de Restelo, entre outros.



# COLABORACIÓN

## Mochilas cheas de ilusión

### O PUPITRE



Julio Díaz

**Q**uero dar unha benvida moi especial a este novo curso escolar xa que estamos a recuperar encontros, bicos, apertas... e, dentro da nova e ilusionante rutina do “fora máscaras”, por fin os rapaces mais novos van coñecer ós seus compañeiros “tal cal”, despois de dous anos e medio de pandemia.

Todos os comezos de curso son difíciles, temos que despreguizar a uns rapaces que veñen de vivir un longo tempo de sol, praia, montaña, ami-

gos, liberdade de horarios... pero volven coa ilusión de quen non sabe moi ben co que se van a atopar. Nossos rapaces/as reencóntranse con compañeiros/as do curso anterior, coñecerán outros novos e darán comezo toda unha serie de relacións inesquecibles entre eles e, como non, tamén cos profesores.

Eu sei que ensinar e unha tarefa complicada, aprender tamén o é; da vertixe de feito. Os que somos docentes sabemos que somos, xunto ás familias, os encargados de ir tecendo as ramas que logo conformarán os varelos, follas e a árbore enteira.

Escoitaba este ano a unha compañeira docente na porta da súa aula comentar con outros compañeiros

que todos os comezos de curso son complicados non só para nais, pais e alumnos, senón tamén, e sobre todo, para os docentes. Nesta conversa a compañeira dixo unha frase que quedou gravada na miña mente: “Eu tamén estou nerviosa, teño que conquistalos”, teño que conquistalos, que gran reto!.

Levo moitos anos dedicado á docencia dunha ou doutra maneira, quizais demasiados, e sinto este comezo de curso de maneira moi distinta. Auguro un curso certamente complexo con esta nova lei que envolve todo nun mar de incertezas e novidades. Mais por outro lado sei que nós, os docentes, sempre estaremos aí, a altura das circunstancias. Vimos de superar as dúas pandemias,

a sanitaria e a educativa, cun “sobresaliente cum laude”. En tempo récord fomos capaces de continuar ca nosa tarefa educativa nunhas condicións totalmente novas para nos, confirmándose que a aprendizaxe prodúcese cando alguén quere aprender, máis que cando outro pretende ensinarlle; en iso consistiu o noso éxito durante a pandemia. Con moi poucas ferramentas fomos capaces de espertar o interese dos nosos alumnos, acadando aprendizaxes significativas e relevantes, a base de manter neles unha constante disposición emocional cara a este aprendizaxe.

Seríamos inxustos se non compartíramos este éxito coas familias, pois elas foron e seguen a ser, o pilar

fundamental da formación dos nosos rapaces. A familia é, de feito, a parte substancial da comunidade educativa, tendo non so o dereito, senón tamén o deber, de participar no proxecto educativo dos seus fillos. Para aquelas que non o consideren así comentarles que todas as pedras que lancen sobre o tellado da escola caerán sobre as cabezas dos seus fillos/as.

Para rematar, quero desexar desde o meu “pupitre” un proveitoso curso escolar 2022/2023 cunha frase que recolleu Mark Twain dunha mestra no seu primeiro día de escola despois dunha longa ausencia “foi como tratar de manter trinta e cinco cortizas baixo a auga ó mesmo tempo”.

## Converxencia

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**N**o universo existen multitude de elementos que converxen nalgún momento baixo determinadas circunstancias, tanto na natureza como na humanidade. De feito, para que a engrenaxe cósmica poida funcionar con fluidez, resulta de vital importancia buscar puntos de encontro. No mundo dos humanos é fundamental intentar atopar estes espazos en común, especialmente coas persoas situadas nas nosas antípodas. Quero pensar que ao final todo é cuestión de vontade, de querer viaxar na mesma dirección aínda que chegues por camiños distintos. Ao noso redor podemos observar moitos lugares ou situacións onde a natureza nos mostra a súa infinita sabedoría: organismos que viven nunha simbiose perfecta, aves que axudan a mamíferos eliminando parasitos, insectos beneficiosos para a horta, etc. Sen dúbida, estamos a falar de sociedades intelixentes con conexións inevitables que ademais reportan resultados moi positivos. Por que non practicar máis a imitación? Outro galo nos cantaría...

Hai unhas semanas tiven o luxo de presenciar un lugar de converxencia natural moi fermoso e peculiar lo-



calizado na cidade alemá de Passau. Aínda que seguramente nunca escoitades falar dela, trátase dun importante núcleo histórico e xeográfico situado na rexión de Baviera que goza ademais dunha localización estratéxica na fronteira con Austria e a República Checa. Popularmente é coñecida como “a cidade dos tres ríos” xa que no seu corazón únense tres leitos fluviais: o imponente Danubio e os menos coñecidos Eno (Inn, en alemán) e Ilz. Esa unión dos ríos fixo da cidade un lugar privilexiado e un epicentro comercial e estratéxico moi destacado na antigüidade. Así que, aínda que co paso do tempo quedase no esquecemento para o gran público, Passau esconde moitos tesouros que paga a pena descubrir. O edificio que máis destaca do seu casco antigo é, sen ningunha dúbida, a Catedral de Santo Estevo, construída en 1688 como sede do bispado e como igrexa principal da diocese de Passau. Este monumento é un claro

exemplo do Barroco máis exquisito pero é que ademais, no seu interior atópase o órgano máis grande de Europa con 17.388 tubos, pouca broma!

Na beira contraria do Danubio podemos visitar outro lugar imprescindible da cidade: Veste Oberhaus. Esta imponente fortaleza medieval construída en 1.219 no alto dun outeiro a modo de residencia dos bispos-príncipes, serviu principalmente como bastión defensivo. Ao longo dos 800 anos que leva en pé sufriu numerosos ataques que levaron a distintas remodelacións e ampliacións, o que provocou que a súa configuración fose evolucionando dunha cidade gótica cara a un pazo fortificado, chegando mesmo a ser coñecido no século

XIX como o “Baluarte de Baviera”. Na actualidade, o seu interior alberga un museo medieval sobre a historia do edificio e da cidade, e ademais, conta cun hotel e cun restaurante

panorámico espectacular. É dicir, o lugar idóneo para un auténtico “café con vistas”.

Ben, volvendo ás converxencias naturais, non debemos esquecer que estamos na “cidade dos tres ríos”, así que existe un lugar de visita obrigada: o “Dreiflüsseck” ou punto onde converxen o Danubio, o Eno e o Ilz. Loxicamente a altura é un bo aliado para poder desfrutar de tan extraordinaria panorámica, sendo

Veste Oberhaus unhas das mellores opcións a modo de atalaia. Teño que dicir que esta imaxe deixoume realmente impresionada, poder observar con total nitidez como tres linguas xigantes de auga converxen en perfecta harmonía non é un espectáculo cotián. Está claro que neste sentido a natureza regálanos unha valiosa e gráfica lección: converxer para crecer. Por favor, tomemos nota que non costa tanto.

### O RECUNCHO DE CANELINA





## Maneiras de recibir

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**E**stou a ler *El arte de dar y recibir*, un compendio de textos clásicos traídos da sabiduría clásica que presenta ideas atemporais para lectores contemporáneos, textos prácticos para a vida moderna. Anacos de reflexións desas que fan que te fagas preguntas.

Iso sumado a que todos os días teño mínimo dunha hora de coche para escoitar algún podcast que acostuman a versar sobre filosofía, pois a meirande parte deles acompañanme no traxecto a modo copiloto automático, coma os señores que prenden a televisión para escoitar ruído de fondo e atenuar así unha viuvez triste e soa. Porque acostumo a ir a pensar nas clases no traxecto de ida e nas paixóns no traxecto de volta, pero algunhas veces, coma na vida, reparo no que están a falar. Decía esta semana un xornalista que os lectores deberíamos subscribirnos a distintos xornais para ter unha mirada non sesgada da

actualidade, para ter un abano de ideoloxías e así poder filtrar toda esa información para construír a nosa propia realidade. Coido que un xornal xa debera ser iso, un conxunto de xornalistas que no caso dos columnistas teñan xeitos diferentes de pensar e así nolo transmitan. A min, coma el que falaba, tamén me gusta escoitar aquilo que non sempre quero oír para ver se me fai cambiar de opinión. Mesmo para reafirmarme na miña postura, como finalidade principal do debate, escoitar distintas posturas coas que non teño por que estar de acordo, pero si debo respectar. Por todo isto e moito máis, eu tamén vos vou a deixar por escrito un par de pequenos anacos de min, de trociños pequenos de cousas que penso.

“Entre os moitos e moi variados defectos das persoas descoñecidas e negligentes, poucos son peores que o de non saber dar nin recibir” Resúltame sumamente complicado discernir que é peor, se rexeitar o recibido ou esixir compensación polo dado. Coido que estamos a perder esa bondade de dar polo mero feito de entregarnos e facer felices aos

outros, e non falo tan só de cousas materiais, falo de tempo, de paseos para escoitar preocupacións que nos sexan alleas, de ir a sitios onde non escolleríamos ir polo feito de facermos felices a quen nos agardan alí. Lonxe de estarmos afastándonos da nosa saúde mental e da nosa paz interior, creo que así nos achegamos cada vez máis a ela. Porque lamento comunicarnos, que poucas cousas fan máis felices ás persoas ca axudar. Porque a felicidade é querer, pero por suposto, tamén ser querido. Pasar tempo cos que queres, e da igual onde, sempre é con quen. Debemos aprender a recoñecer os indicios, un corazón grande é o que practica a xenerosidade sen agardar nada a cambio, o que se afana en atopar boas persoas e achegarse a elas, aínda logo de coñecer as peores. Con isto tamén debemos aprender a recibir, porque tratar un regalo ou favor coma unha especie de factura, é propio de usureiros.

Dixo Marx que a relixión é o opio do pobo, pero moi lonxe de apoiar institucións, creo que aferrarnos ás nosas crenzas nos da esperanzas, crer que facer o ben nos vai a levar a un estado de paz, sentirmos



ben con nós mesmos cando cremos actuar de corazón e descansar tranquilos porque obramos segundo o noso criterio, nunca procurando o mal alleo a sabendas, bendita sexa esa relixión que escollemos uns poucos. Por eso mesmo, eu non creo en amuletos, nin en supersticións, pero tampouco nas casualidades. Calquera que pasase por Foz en verán, saberá de Lampe, el foi o que me amarrou dous cordóns no pulso dereito en dous veráns sucesivos. Aí permaneceron moito tempo, por iso miro con ollos laimeiros a todos os que

agora levan o fío vermello na man esquerda pola lenda chinesa, porque imaxino que todos nos aferramos a aquilo no que queremos crer. A cuestión foi que este domingo madruguei, como acostumo a facer cando preciso de paz, e decidín ir almorzar cun home, que malia telo todo, sinte que non ten nada, porque sentirte só tamén é unha maneira de non ter nada, e cando me foi dar a man en sinal de agradecemento, caeu o fío de Lampe ao chan, rompeu, imaxino que tamén para recordarme que estaba no camiño que me fai feliz.



# Audio Sarria

CENTROS AUDITIVOS

E-27000398

## Audífonos Siemens de última generación



- Pruébelos sin compromiso
- Presupuestos sin compromiso
- Revisiones gratuitas PARA SIEMPRE
- 1 año de pilas GRATIS
- Garantía 3 AÑOS

### FINANCIACIÓN A SU MEDIDA

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 | audiosarria@gmail.com



## DEPORTES

### A nova tempada do CB Sarria, en marcha

O equipo de baloncesto CB Sarria xa ten todo preparado para coller con forza esta nova tempada. De feito, vén de publicar os horarios nos que os xogadores de tódalas categorías poderán ser adestrados no Pavillón Municipal.

O premini irá os luns, mércores e venres de 16.00 a 17.15 horas, os de preinfantil feminino os martes e mércores de 18.30 a 19.45 e os xoves de 17.15 a 18.30 horas, e os que pertencen ao grupo de infantil masculino poderán facer uso del os luns e mércores de 17.15 a 18.30 e xoves dende as 16.00 horas.

Por outra banda, o grupo mini feminino realizará os adestramentos os luns de 18.30 a 19.45 e os martes e xoves de 16.00 a 17.15 horas e os de mini masculino, os luns e xoves de 18.30 a 19.45 horas e os venres de 17.15 a 18.30 horas.

Os dos cadetes no feminino terán lugar os luns de 19.45 a 21.00 horas e os mércores e venres de 18.30 a 19.45 horas e o masculino luns e mércores de 19.45 a 21.00 horas e logo haberá dous grupos: o primeiro poderá realizar adestramentos o xoves pola mañá en horario de 16.00 a 17.15 horas e o segundo, en horario de 19.45 a 21.00 horas. Con respecto ás categorías de Junior, a quenda das rapazas será luns e xoves de 21.00 a 22.30 horas e os martes de 19.45 a 21.00 horas e os rapaces os martes de 21.00 a 22.30 horas e os mércores e xoves de 19.45 a 21.00 horas.

O grupo Sénior feminino realizará os adestramentos os luns e venres de 21.00 a 22.30 horas e o de masculino, os martes e mércores de 21.00 a 22.30 horas e os venres de 19.45 a 21.00 horas.

### A Sarriana empeza a Liga con tres vitorias contundentes

O club sen dúbida está a ter un moi bo comezo nesta tempada 2022-2023 xa que acumula no seu haber tres vitorias dos partidos disputados contra o CD Unión (0-4), SD Sofan (4-1) e SDC Ordenes (0-2).

O propio adestrador da Sarriana, Edu Rodríguez, recoñece que “é complicado igualar os resultados da tempada pasada. Creo que mellor non se pode facer cando non perdes ningún partido en toda a competición. Iso fala moi ben do equipo xogando é sen dúbida é algo que perseguiremos tamén para esta nova tempada”, afirma Rodríguez.

As derradeiras xornadas nas que competirá a Sociedade Deportiva Sarriana, serán contra o CD Portomarín este domingo día 2 no estadio da Ribela e contra o Ribadeo

FC o 9 de outubro.

“Sen dúbida esta tempada estamos traballando en minimizar erros, ser un equipo un pouco máis práctico e quizás non tan vistoso. Iso é un pouco o que nos fará ser capaces de conseguir mellores resultados dentro da nosa identidade, que non a imos perder por suposto nin fora da casa nin en casa”, comenta Edu Rodríguez. Para iso, a Sarriana conta este ano con novas incorporacións entre os xogadores que buscan reforzar as posicións “que tiñamos máis débiles. O conxunto de xogadores é moi amplo xa que hai dous por posto. O ano pasado quedámonos un pouco curtos e creo que o de esta tempada é un equipo de garantías para afrontar os partidos”, afirma o presidente do club Manuel Sangil. Entre estas novas incorporacións

destacan as de Adrián Mariano Fernández Rojas (Adri) ou Javi Pita, entre outros.

Os da Ribela conseguiron a contratación de Adrián Mariano Fernández Rojas, dianteiro natural de Córdoba que procede do CD Miajadas, da Terceira RFEF estremeña. Na tempada pasada tamén formou parte do Palma do Río Atlético, que competiu na Primeira Rexional cordobesa. Entre ambos clubs disputou 27 encontros, anotando un total de 8 tantos.

E Javi Pita, conta cun longo percorrido no mundo do fútbol xa que formou parte do CD Lugo (base, filial e primeiro equipo), do Somozas, do Viveiro, do Vilalbés e do equipo de Pol. Na actualidade, continua a ser un porteiro de referencia na comunidade aos seus 31 anos.

### “Traballamos para que o CB Sarria sexa un club de referencia”

María Jesús Arias é a primeira muller que preside este ente deportivo

**Sempre lle gustou o baloncesto? Comezou practicando este deporte dende nena?**

Si, dende moi nova practiquei deportes de equipo, o que me ensinou a importancia dos valores do deporte en grupo.

**Cando comezou a estar vinculada ao CB Sarria? Cóntenos a súa traxectoria no equipo.**

Empecei no ano 2018 como vogal da man de Paco García Conde como presidente, na última tempada da súa lexislatura. Despois no seguinte equipo directivo, capitaneado por Xabi López-Acevedo, estiven de vicepresidenta.

**Gústalle máis o baloncesto dende o punto de vista do xogador ou dende o lado da directiva. Por que?**

A día de hoxe, estando na directiva, a miña responsabilidade dura 24 horas cos seus contratempas e tamén por suposto, satisfaccións. Desfruto cos partidos da fin de semana véndoos a eles e a elas xogar. O xogador/a tamén ten o cometido de esforzarse, de pasalo ben, de mellorar e de compro-

meterse cos seus compañeiros, co club e con el mesmo.

**Que a levou a dar o paso para ser presidenta do club?**

Os meus compañeiros animáronme moito e sobre todo, foi unha decisión de compromiso cun proxecto, un traballo increíble realizado durante sete anos por un grupo de persoas que dun xeito altruísta e sacando tempo de lecer cas familias, traballamos en equipo para que o CB Sarria sexa un club de referencia no baloncesto galego.

**Esperaba este nomeamento? Imaxino que é resultado dunha traxectoria de moito traballo.**

A verdade é que non o esperaba. As tarefas que facía no club xa supoñían dedicación e responsabilidade. Agora todo isto multiplicase pero a suma de traballo máis esforzo é unha norma no meu día a día e en todo aquilo no que me implico, así que esperamos que sexa tamén a continuidade a un gran proxecto e que vaíamos por bo camiño.

**Que atopou no CB Sarria cando**

**chegou?**

Un club cun grandísimo traballo detrás por parte do equipo de Paco e despois do de Xabi, cunha base sólida, tanto a nivel deportivo coma económico e cunha enorme proxección de futuro, coma así está sendo.

**Como valora o crecemento do club nos últimos anos a tódolos niveis?**

De xeito moi positivo. A nivel deportivo, a día de hoxe temos cerca de 300 rapaces e rapazas no club. A tempada pasada gañamos seis de once campionatos, un ascenso a Liga Galega por parte das rapazas do Cadete Feminino e outro ascenso a Segunda por parte do equipo Sénior Masculino. A nivel económico, o traballo dos dous anteriores presidentes foi incomensurable: na procura de patrocinios, axudas institucionais, socios... a colaboración de todos é imprescindible para que o club siga adiante. Sen ese traballo, sería moi difícil que o CB Sarria estivese onde está agora.

**E en canto á súa evolución persoal dentro do club?**



É boa, quizais algo vertixinosa polo medo a errar. Hai moita responsabilidade, porén tamén me sinto orgullosa de ser a primeira muller que ocupa este cargo, con sorte espero non ser a última.

**Que pensa que pode aportar vostede ao club?**

Traballo e traballo, e o compromiso de que siga funcionando na mesma liña. Paixón por seguir vendo a evolución dos nenos e nenas do club.

**Sabemos que os valores que van asociados á práctica do baloncesto son moi importantes, cales son eses valores e como se traballará para inculcalos no club?**

Os valores que intentamos inculcar no CB Sarria son o respecto, a solidariedade, o esforzo, o com-

pañeirismo e en resumo: o compromiso se ser EQUIPO. Estes son os principais valores do noso club. Traballamos dende o exemplo e o coñecemento dos adestradores/as que son os que forman día a día aos nenos e nenas.

**Como se presenta a tempada 22/23?**

A tempada 22/23 definiuse ca axuda dos responsables da área deportiva, Maísa e Adrián, e vimos de rematar as últimas pinceladas. Temos novas incorporacións de adestradores e xogadores e tamén a volta á competición despois de cinco anos dun equipo Sénior Feminino con rapazas de Sarria. Temos moita ilusión por seguir medrando día a día, esperemos que esta tempada 22/23 siga na liña da pasada.



# “Este deporte mellora a concentración, a coordinación e a mobilidade superior”

**Alberto Rincón Bueno é presidente do Club Seurri, que imparte tiro con arco en Sarria**

**En que ano naceu o Club Seurri e con cantos membros conta na actualidade? Fáganos un pequeno percorrido pola historia do club**

Na actualidade, o club conta con 18 socios pero nos seus inicios no ano 2014 contaba só 9. Todo comezou cando a miña filla probou tiro con arco no instituto, a partir de aí eu tamén me interesei e acabamos formando un club, que día a día vai crescendo un pouco máis. Comezamos adestrando no pavillón que nos cedía o concello de Sarria os sábados pola mañá, pero na actualidade contamos xa coas nosas propias instalacións.

**Moita xente practica tiro con arco no concello de Sarria?**

A verdade é que non é un deporte moi practicado na localidade, non sei se é porque a xente descoñece este tipo de deporte e a posibilidade de practicalo nesta localidade, ou se é que só é un deporte atractivo para algúns poucos.

**Persoalmente cando comezou a interesarse polo tiro con arco e que é o que lle chamou a atención deste deporte?**

Como dixen anteriormente, eu decidín probar porque a miña filla me insistiu en que o fixera, dixo que me ía gustar moito. E co tempo...

pois xa ves onde estou agora, co título de monitor autónomo e pertencendo o club Seurri!

**Que o levou a ser presidente da entidade? Imaxino que antes foi arqueiro... ten algún referente no mundo do tiro con arco?**

Sobre todo o compromiso polo deporte e o amor por esta disciplina deportiva. Si que sigo sendo arqueiro e como referentes neste deporte teño a Miguel Alvarinho que foi aos xogos olímpicos, así como outros grandes arqueiros da comunidade.

**Como cre que inflúe a idade neste deporte?**

Persoalmente creo que a idade neste deporte non é ningún impedimento, xa que se pode realizar sen importar os anos que un teña. Iso si, desenvolvendo sempre a disciplina, coordinación, concentración e forma física necesarias.

**En que competicións ten previsto participar o Club Seurri proximamente?**

Pois temos valorado participar nas próximas competicións en sala que realicen tanto a Federación Galega como as independentes realizadas polos clubs. Todo co fin de poder



desfrutar e vivir novas experiencias.

**Cales son as diferentes modalidades coas que conta este deporte?**

Principalmente tiro con arco recuro ou olímpico. Aínda que hai pouco tivemos a sorte de contar con dúas novas incorporacións no club que practican a modalidade de arco intuitivo e están especializados en percorrido 3D. Tamén existen modalidades de arco tradicional e composto pero, de momento, nós non dispoñemos de ningún arqueiro que practique esta modalidade.

**Cóntenos en que consiste unha rutina de adestramento para este deporte.**

Comezamos cun quecemento para preparar os músculos e articulacións e así evitar posibles lesións. Logo seguimos con secuencias de tiro en diferentes distancias e dianas de diversos tipos segundo o nivel do arqueiro. Nalgúns ocasións, facemos pequenas competicións e xogos entre nós, para rematar o adestramento de maneira máis divertida. E xa por último, facemos uns estiramientos para relaxar o corpo despois

do adestramento.

**Tedes algunha actividade enfocada a fomentar unha disciplina feminina?**

O tiro con arco é totalmente un deporte mixto e para calquera persoa. Dende os inicios contamos con socias femininas, que foron aumentando co tempo. Na actualidade contamos cun total de 6 arqueiras.

**Cales son as lesións que adoitan ter aqueles que practican tiro con arco?**

Unha mala práctica ou un equipo non axeitado unido ás condicións de cada tirador, poden producir lesións fundamentalmente no lombo, así coma nas mans, pescozo e ombros. Por iso, é importante facer exercicios previos ao adestramento para quentar, e logo por suposto, estirar ao rematar.

**Contades no club coa posibilidade de incluír a alumnos con algún tipo de discapacidade?**

De momento non contamos con ningunha persoa con discapacidade. Pero se temos esa oportunidade, adaptarémonos sen problema.

**Por que aconsellaría á xente que se inicie no mundo do tiro con arco? Que lle aporta?**

O tiro con arco é un deporte divertido e que proporciona a capacidade de aumentar a nosa concentración, coordinación e mobilidade na zona superior, así coma o dinamismo e a relación entre compañeiros. Ademais, é un bo remedio para relaxar a mente, dado que manterse ca mente relaxada é un punto moi importante para realizar unha boa tirada.

**Non sei se hai algo que queira engadir ou destacar.**

Aproveitamos para darvos as grazas por darnos a oportunidade de dar a coñecer o Club Seurri e para dicirlle a todas persoas que estean interesadas, ben de Sarria ou da contorna, que poden vir probar este deporte con nós sen ningún tipo de custo. No club temos todo o material necesario así que convidamos a toda a xente que estea interesada, a vir probar sen compromiso. As instalacións están situadas na Rúa Calvo Sotelo. Para máis información non dubiden en poñerse en contacto con nós a través do noso correo electrónico seurri@gmail.com.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INCIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021





*MUEBLES*  
**LA FÁBRICA SARRIA**

**LIQUIDACIÓN  
TOTAL**

**TODO**

**20% - 30% - 40% - 50% - 60% - 70%**

**Por traslado de instalaciones a Matías López 49. Sarria**

